Sobre as posibilidades de incluír na nova licitación do transporte público da Barbanza un servizo de conexión entre os concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira

- 31417 - 24765 (12/PRE-008626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da colaboración no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa

- 31415 - 24781 (12/PRE-008628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o grao de cumprimento do compromiso adquirido polo Goberno galego en materia de vivenda para os cen primeiros días de lexislatura



- 31414 - 24787 (12/PRE-008630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de realizar un estudo para a mellora da seguridade viaria da PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 en Vilasobroso

- 31412 - 24840 (12/PRE-008633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o presunto caso de racismo sufrido o 11 de abril por un grupo de refuxiados malianos na súa viaxe de regreso desde a Fundación Laboral da Construción de Vilamarín ao seu lugar de residencia

- 31411 - 24844 (12/PRE-008634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 21 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego a partir do apagamento eléctrico do 28 de abril, tanto as relativas ao coñecemento das súas causas como ás previstas ante unha eventual repetición deste suceso

- 31405 - 24920 (12/PRE-008641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á mellora da seguridade viaria da estrada PO-404 ao seu paso polo concello de Tui

- 31404 - 24929 (12/PRE-008642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de creación dun consorcio metropolitano de transporte na área da Coruña

- 31763 - 24984 (12/PRE-008647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego no que concirne á ampliación da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller

- 31761 - 25099 (12/PRE-008658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as características e condicións da subvención anunciada polo presidente da Xunta de Galicia á rehabilitación de vivendas baleiras que se destinen ao alugamento

- 32033 - 25114 (12/PRE-008661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ruanova Vilas-Boas, Brais



Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a eventual posta en marcha dun plan integral para a promoción e o fortalecemento do comercio de proximidade galego

- 31550 - 25119 (12/PRE-008663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis

Sobre as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego, nun contexto marcado pola crise do grupo Atunlo, para garantir o emprego e a actividade no sector mar-industria

- 31393 - 25198 (12/PRE-008678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as estatísticas da sinistralidade laboral en Galicia do ano 2024

- 31391 - 25213 (12/PRE-008682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a estratexia que ten a Xunta de Galicia en materia de atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres

- 31783 - 25217 (12/PRE-008683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o tempo de presenza do presidente do Goberno galego no Centro de Coordinación Operativa da Estrada (Cecopi) durante a caída da subministración eléctrica do pasado 28 de abril

- 31547 - 25357 (12/PRE-008703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a situación das empresas auxiliares afectadas por impagos derivados da crise no sector naval da ría de Vigo

- 31384 - 25429 (12/PRE-008707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as incidencias que se están a producir no servizo de transporte escolar compartido

- 31408 - 24901 (12/PRE-008713)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a resposta do sistema de emerxencias de Galicia ante a situación provocada pola caída xeral do sistema eléctrico en España acontecida o pasado 28 de abril

- 31382 - 25544 (12/PRE-008728)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia



Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da pertinencia dun novo plan de saúde mental

- 31379 - 25548 (12/PRE-008729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as accións previstas polo Goberno galego para que o regulamento de desenvolvemento da Lei de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto responda ás expectativas das persoas afectadas

- 31378 - 25576 (12/PRE-008732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de auditoría do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024

- 31374 - 25617 (12/PRE-008737)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a planificación e a execución orzamentarias desenvolvidas pola Xunta de Galicia no exercicio económico de 2024

- 31371 - 25753 (12/PRE-008744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre o traballo que está a desenvolver o Goberno galego en materia de sinistralidade laboral

- 31369 - 25874 (12/PRE-008760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre as políticas que ten en marcha a Xunta de Galicia en materia de sinistralidade laboral

- 31367 - 25880 (12/PRE-008761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a eventual participación da Xunta de Galicia na consecución dun acordo no conflito laboral de SyC Applus, empresa concesionaria que presta o servizo da ITV

- 32032 - 25909 (12/PRE-008767)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as tarifas do servizo de inspección técnica de vehículos (ITV)

- 32050 - 25939 (12/PRE-008774)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da posibilidade de abordar a construción dunha variante viaria para conectar o polígono empresarial de Cee co porto de Brens



- 32003 - 25953 (12/PRE-008776)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a pertinencia dunha actualización do estudo de impacto ambiental da ampliación do porto deportivo de Baiona

- 31759 - 26088 (12/PRE-008792)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as previsións do Goberno galego verbo dunha eventual modificación da normativa que regula as distancias das novas plantacións de eucalipto respecto da rede viaria

- 31363 - 26101 (12/PRE-008793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto dunha eventual actualización da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia

- 32001 - 26105 (12/PRE-008794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para responder ás exixencias ambientais relativas ás obras de ampliación do porto deportivo de Baiona

- 31360 - 26122 (12/PRE-008797)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o grao de cumprimento dos prestadores do servizo de transporte público por estrada no que atinxe ás súas obrigas relativas á accesibilidade das persoas con mobilidade reducida

- 31358 - 26167 (12/PRE-008804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as vías e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño

- 31355 - 26195 (12/PRE-008808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación e as vías de mellora dos servizos de transporte público por estrada que se desenvolven no concello de Arzúa

- 31545 - 26256 (12/PRE-008820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre as axudas concedidas polo Igape ao Real Club Celta de Vigo S. A. D. no ano 2023



- 31543 - 26259 (12/PRE-008821)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis

Sobre a xustificación dos recursos económicos e humanos destinados á Oficina Económica de Galicia, dependente do Igape, considerando a súa actividade desde abril de 2024

- 31353 - 26284 (12/PRE-008824)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego e as súas xestións ante as previsións de cambios nas frecuencias e nos horarios ferroviarios que dan servizo á estación da Gudiña-Porta de Galicia

- 31352 - 26368 (12/PRE-008832)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre os criterios para a regulación dos procesos de repotenciación dos parques eólicos establecidos na Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

- 31541 - 26373 (12/PRE-008833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego para garantir a actividade pesqueira e a protección do ecosistema ante a implantación de instalacións eólicas mariñas nas nosas costas

- 31539 - 26552 (12/PRE-008854)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo do 8 de maio de 2025 relativa á participación política e o respecto aos dereitos das deputadas e dos deputados ao acceso á información solicitada ao Goberno galego desde o Parlamento de Galicia

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 2 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os regulamentos (CE) nº 1907/2006, (CE) nº 1272/2008, (UE) nº 528/2012, (UE) 2019/1021 e (UE) 2021/697 no que atinxe á preparación en materia de defensa e á facilitación dos investimentos en defensa e as condicións para a industria da defensa [COM (2025) 822]



-12/UECS-000058 (28065)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os regulamentos (CE) nº 1907/2006, (CE) nº 1272/2008, (UE) nº 528/2012, (UE) 2019/1021 e (UE) 2021/697 no que atinxe á preparación en materia de defensa e á facilitación dos investimentos en defensa e as condicións para a industria da defensa [COM (2025) 822]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28065, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os regulamentos (CE) nº 1907/2006, (CE) nº 1272/2008, (UE) nº 528/2012, (UE) 2019/1021 e (UE) 2021/697 no que atinxe á preparación en materia de defensa e á facilitación dos investimentos en defensa e as condicións para a industria da defensa [COM (2025) 822].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 11 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 765/2008, (UE) 2016/424, (UE) 2016/425, (UE) 2016/426, (UE) 2023/1230, (UE) 2023/1542 e (UE) 2024/1781 no que atinxe á dixitalización e as especificacións comúns [COM (2025) 504] {SWD (2025) 130}

-12/UECS-000064 (28354)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 765/2008, (UE) 2016/424,



(UE) 2016/425, (UE) 2016/426, (UE) 2023/1230, (UE) 2023/1542 e (UE) 2024/1781 no que atinxe á dixitalización e as especificacións comúns [COM (2025) 504] {SWD (2025) 130}.

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28354, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 765/2008, (UE) 2016/424, (UE) 2016/425, (UE) 2016/426, (UE) 2023/1230, (UE) 2023/1542 e (UE) 2024/1781 no que atinxe á dixitalización e as especificacións comúns [COM (2025) 504] {SWD (2025) 130}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21205**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Oscar Insua Lema, sobre **"a cantidade de expedientes trasladados desde a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxectivo de reverter cara aos concellos a titularidade de terreos portuarios sen usos relacionados cos portos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 3 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 18533.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWUwZmQ0ZjctMDM0Zi00Ym1lLTkxZTgtYm1zYjYhYmM0N2M2&start=3945.47>

Na devandita sesión, o Goberno informou do balance da primeira fase da proposta de reversión ao Estado de terreos portuarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 14:32:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31918
Data envío: 21/08/2025 14:32:55,793

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21284**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"os datos de recadación do actual canon eólico"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"É preciso ter en conta que o feito impositivo do tributo do canon eólico, segundo o artigo 11 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, é a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

É dicir, a configuración e a natureza deste gravame responde a unha finalidade clara: é un gravame medioambiental. Polo tanto, non é un tributo da produción de enerxía eléctrica na que se deba ter en conta a potencia de xeración dos aeroxeradores.

Esta cuestión non é menor. De feito, o canon eólico foi ratificado na sentenza do TS de 20 de febreiro de 2018, na que se recolle que:

"(...) existiendo una relevante finalidad extrafiscal de naturaleza ambiental en su ordenación, plasmada principalmente en la figura del Fondo de Compensación Medioambiental (...)"

No caso de que se gravara en función da potencia, estaríamos a falar dun imposto á enerxía, cuestión para a que a comunidade autónoma non ten competencias.

En calquera caso, a modificación que se fixo do actual canon eólico fíxose de tal xeito que se introduciu o factor da altura no canon, de modo que, como é lóxico, canto máis alto sexa un aeroxerador, máis elevado será o canon.

Ademais, este cálculo fíxose:

- De modo que se mantivese a recadación total do canon
- E que siga resultando máis beneficioso repotenciar que non facelo. Non obstante, co novo canon eólico, un parque repotenciado terá un canon maior que se se mantivese o antigo canon".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:01:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31133
Data envío: 14/08/2025 14:01:39.059

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21293**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a eventual implantación por parte do Goberno galego dun plan de choque para salvar as masas de piñeiros ante o espallamento das pragas que padecen"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a executar un plan de choque integral para o período 2025–2026 co obxectivo de frear a expansión das enfermidades fúnxicas (banda marrón e banda vermella) que afectan gravemente ao *Pinus radiata* a través de encargos á empresa pública SEAGA para realizar tratamentos fitosanitarios tanto en montes de xestión pública como privada, priorizando as zonas máis críticas.

Colaboración coa Fundación Arume para identificar e agrupar propietarios forestais privados de coníferas interesados en tratamentos fitosanitarios e facilitar a aplicación de tratamentos.

Non é posible ofrecer unha cifra exacta da redución de superficie de coníferas nos últimos 15 anos debido a que os datos do Inventario Forestal Nacional 4 (IFN4) non son metodoloxicamente comparables cos datos máis recentes do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG). Segundo os últimos datos dispoñibles do IFCG, a superficie actual de coníferas en Galicia sitúase en torno as 429.000 hectáreas.

A pesar desta dificultade de comparación para o período concreto de 15 anos, o Goberno galego constata a tendencia á diminución da superficie ocupada polas masas de coníferas durante os últimos decenios en Galicia.

O Goberno galego valora a situación como un problema polo que está en continuo contacto co sector para artellar solucións a curto, medio e longo prazo, baseándose nas diferentes liñas de actuación que están establecidas no PFG 2021-2040.

Actualmente, o Goberno galego considera que a declaración formal de emerxencia sanitaria tería un efecto administrativo limitado e resulta máis operativo e eficaz aplicar plans de actuación inmediata e integral como o descrito anteriormente. A estratexia céntrase en medidas directas como os encargos a SEAGA, a colaboración coa Fundación Arume e o desenvolvemento do proxecto piloto na Serra da Capelada, que permiten unha resposta máis áxil e coordinada no territorio, complementadas con selvicultura preventiva e plantacións de árbores resistentes, entre outras accións.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Estase a estudar reforzar activamente o Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte, estase a avaliar unha proposta de reforma estrutural para optimizar a súa eficiencia coa incorporación de persoal técnico especializado. As prioridades son, reforzar a conservación de recursos xenéticos forestais, mellorar o manexo e control de calidade de plantas e sementes e Intensificar a loita integrada contra pragas e doenzas.

No Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL) estudase reforzar liñas de investigación clave coma a análise de plantacións históricas de *Pinus Taeda* para determinar a súa adaptación, crecemento e calidade, mellora xenética do *Pinus radiata* con deseño de ensaios con procedencias dos Estados Unidos para avaliar a súa resistencia a patóxenos e a identificación de árbores resistentes as bandas co fin de crear bancos de material xenético resiliente.

Xa se están a aplicar cambios e a estudar novas medidas para adaptar as axudas á realidade sanitaria e fomentar a resiliencia:

A orde de axudas á forestación de 2024 (con 4,8 M€ aprobados) xa reflicte un cambio de tendencia. O *Pinus radiata* representa unha mínima parte das solicitudes e permitiuse cambiar por *Pinus Taeda* a solicitude dos beneficiarios. Ademais estase a elaborar un programa específico de axudas para as coníferas, no marco do PEPAC 2023–2027, así como nas outras ordes de axuda, (AFXC, selvicultura, redacción de instrumentos de ordenación e xestión forestal, etc).

A introdución de *Pinus taeda* valórase positivamente en colaboración co sector, como unha estratexia clave para a diversificación e a redución de riscos. O obxectivo non é substituír o *Pinus radiata*, senón complementalo para construír masas forestais máis resilientes. A estratexia baséase en procedencias de calidade e adaptadas, como as de hortos de sementes ou rexións de procedencia francesa, que demostraron unha maior resistencia ás enfermidades fúnxicas. Tamén, como xa se comentou, o CIF de Lourizán está a avaliar cientificamente o comportamento de plantacións de *Pinus taeda* establecidas en Galicia hai uns anos para obter datos concluíntes sobre a súa adaptabilidade, crecemento e estado sanitario, garantindo así que a súa introdución se realice con rigor técnico".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:27:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:28:00
Nº Rexistro: 31784
Data envío: 20/08/2025 12:28:00,247

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21329**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as axudas que a Xunta de Galicia prevé destinar en 2025 aos afectados pola praga da rata toupa en varios concellos da montaña de Lugo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 3037 e debatida na Comisión 7ª do día 19 de marzo de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDhLYzEyMzgtMjRjMCO0NWE2LTg5YmEtMDNmYWJjRlNjQ5>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:21:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:21:54
Nº Rexistro: 31781
Data envío: 20/08/2025 12:21:54.128

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21422**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, don Luis Bará Torres e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia ante o espallamento da enfermidade das bandas nas masas de piñeirais formadas pola especie "Pinus radiata"**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia respostada na pregunta oral con número 21421 da Comisión 7ª do día 4 de abril de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2NiZGU4ZTYtYTY3OS00NWZiLWI3MGltMzZkYzU5OTg5ZTFi>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:21:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:21:45
Nº Rexistro: 31780
Data envío: 20/08/2025 12:21:45.771

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21427**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a oportunidade e a conveniencia de construír un embarcadoiro para usos deportivos e profesionais en Cabana de Bergantiños, no interior da ría de Corme e Laxe"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 13 de maio de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 21426, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODYxOGU4OTgtNDJjMS00Y2QxLWE5NGYtNWYyOTY3M2FmZGJl&start=7386.807>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a oportunidade e a conveniencia de construír un embarcadoiro para usos deportivos e profesionais en Cabana de Bergantiños, no interior da ría de Corme e Laxe".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 14:32:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31915
Data envío: 21/08/2025 14:32:37.890

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21462**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Secundino Fernández Fennández, sobre **"o estado en que está o proceso das reestruturacións parcelarias do concello de Agolada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Unha vez elaborados os tres estudos previos de iniciación das tres zonas, continuouse co procedemento establecido no citado art. 9.6 da Lei 4/2015,

"O contido do estudo será dado a coñecer á xeneralidade das persoas interesadas no proceso mediante aviso inserido no Diario Oficial de Galicia e poderá ser consultado, durante o prazo dun mes, no concello ou concellos afectados, na sede electrónica da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural e, adicionalmente, por calquera outro medio que se determine regulamentariamente. Durante este prazo poderanse realizar achegas ao estudo, que serán analizadas polo servizo provincial competente e, de ser o caso, incorporadas para a súa redacción final"

Con motivo desta exposición, convocouse unha reunión informativa cos interesados o mércores 30 de outubro de 2024 na Escola de Basadroa (Eidián).

Os estudos previos de iniciación das tres zonas sometéronse a información pública mediante os correspondentes anuncios publicados no Diario Oficial de Galicia o 5 de novembro de 2024. Así mesmo, os estudos previos de iniciación remitíronse ao Concello e publicáronse no portal web da consellaría. Como consecuencia desta información pública, non consta ningunha alegación ou achega ao respecto polas persoas interesadas.

As tres zonas de reestruturación parcelaria propostas, A Baíña-Berredo-Órrea, Agra-O Sexo- Val de Sangorza e Basadre-Eidián-Ramil teñen superado favorablemente o proceso de avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais e acadan un resultado positivo nos respectivos estudos previos de iniciación, recollidos respectivamente nos artigos 7 e 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia. Non quedan, polo tanto, trámites pendentes de realizar con carácter previo ao decreto de utilidade pública, sen que exista nesta lei un prazo concreto para acadar tal fin.

É importante sinalar que non se rexistraron alegacións ao estudo previo de iniciación dos procesos de reestruturación Agra-O Sexo-Val de Sangorza, Baíña-Berredo-Orrea e Basadre-Eidián- Ramil.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Na actualidade, e grazas ás modificación lexislativas realizadas, estanse a reducir significativamente os prazos das novas zonas de reestruturación acollidas a esta nova normativa que lle é de aplicación para a mellora da estrutura territorial de Galicia. A pesares disto, segue sen poder definirse con exactitude un prazo para a execución dos traballos entre o decreto e o acordo.

Na priorización das novas zonas a decretar no Concello de Agolada, a Consellería do Medio Rural tivo en conta o peso relativo da superficie das explotacións agrarias existentes e das UGM en relación á superficie da zona.

As parroquias de Brocos e Sesto, son as que arrojan os datos máis baixos en canto a UGM totais das inscritas nos correspondentes rexistros oficiais, polo que son nas que se infire unha menor actividade gandeira.

Tendo en conta estas circunstancias, considerouse adecuada a agrupación en tres zonas de reestruturación parcelaria de carácter público: Agra-O Sexo-Val de Sangorza, A Baíña-Berredo-Órrea e Basadre-Eidián-Ramil".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:21:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:21:33
Nº Rexistro: 31778
Data envío: 20/08/2025 12:21:33,620

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21514**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Noa Presas Berganiños e dona Ariadna Fernández González, sobre **"as características do modelo de coidados que desenvolve a Xunta de Galicia na súa política de dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O orzamento que o Goberno galego destina á dependencia, demostra o noso compromiso neste eido. Así neste ano 2025 dedicamos máis de 700 millóns de euros.

Lamentablemente, o Goberno central segue moi lonxe de cumprir a lei de dependencia e de achegar o 50% do financiamento dos servizos. Todo o contrario, en lugar de incrementar as achegas o que fai é reducir o financiamento a Galicia. As cifras son claras: se no ano 2023 aportaba o 40% do custo da dependencia, no 2024 diminuíu esta achega ata o 34,9%.

E como xa temos dito en múltiples ocasións, todo isto se traduce en máis de 2.500 M€ que é o que o galegos deixamos de recibir polo reiterado incumprimento na Lei de Dependencia por parte do Goberno central.

Ademais, a este deficiente financiamento por parte do Executivo central súmase agora un trato desigual con respecto a outras CC.AA, xa que acorda bilateralmente co País Vasco asumir a metade do custo dos servizos.

Por outro lado, promover a igualdade entre mulleres e homes tamén significa levar a corresponsabilidade a todos os ámbitos da vida. Moitas mulleres seguen a ter que facer un sobreesfuerzo para compaxinar a vida laboral coa familiar.

Dende o Goberno galego levamos anos impulsando medidas que sitúan a Galicia como un referente en conciliación. Así, este ano temos en marcha unha batería de programas de impulso á conciliación e á corresponsabilidade que suman entre todos máis de 150 M€:

A continuidade da gratuidade das escolas infantís (con máis de 65M€ adicados este ano).

As Casas Niño e das Casas do Maior, para garantir tamén a conciliación no rural galego.

O impulso das axudas para a redución de xornada para cambiar a tendencia e que cada vez sexan máis homes os que a soliciten.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O apoio a programas e actividades de conciliación corresponsable en concellos, entidades de iniciativa social e ANPAS cos que chegamos a máis de 30.000 familias o ano pasado.

Ou a ampliación do Bono Concilia Familia.

O Bono Coidado no Fogar, á que fai referencia a iniciativa, é unha axuda directa (5.000 € ao ano) que permite ás persoas en situación de dependencia (maiores e persoas con discapacidade con situación de dependencia recoñecida) permanecer na súa contorna ao coidado dun familiar, amigo ou veciño de referencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:35:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:35:23
Nº Rexistro: 31873
Data envío: 21/08/2025 12:35:23.452

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21572**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas que pensa tomar a Xunta de Galicia ante o anunciado peche da Escola Infantil A Casiña, xestionada por Cáritas e situada no barrio das Lagoas, en Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu a unha pregunta oral con número de rexistro 21305 sobre o mesmo tema en sesión plenaria do día 26/03/2025.

Pode accederse á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Mzk2M2JlMzEtZTVlNi00OTgzLTljYjUtNzlwZjAzMGZlZTg4&start=6883>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:36:55
Nº Rexistro: 32049
Data envío: 22/08/2025 12:36:55,987

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:36:55

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21651**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de desenvolver un programa específico destinado a combater a soidade non desexada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A soidade non desexada é un fenómeno que non afecta só á nosa Comunidade, senón que afecta a toda España. Para combatela, Galicia conta coa a Estratexia de Soidade non Desexada.

O obxectivo da estratexia é que todas as galegas e galegos, en especial as persoas maiores, se sintan arroupadas, vivan onde vivan, e calquera que sexan as súas circunstancias persoais, sociais ou económicas.

Neste sentido, non partimos de cero. Algunhas das medidas que contén a Estratexia de Soidade non Desexada xa levan anos desenvolvéndose na nosa comunidade, tales como:

A aposta por unha vellez activa e participativa, con programas como Xuntos polo Nadal, Benestar en Balnearios ou as Aulas Sénior, entre outros.

A aposta pola atención de proximidade, a través das Casas do Maior ou do Xantar na Casa.

E a aposta pola atención nos domicilios, co Servizo de Axuda no Fogar (SAF), a Teleasistencia ou o Bono Coidado no Fogar; porque vivir só non debe ser o mesmo que sentirse só.

Na estratexia galega avalíanse estas medidas e analízanse e incorpóranse propostas chegadas da sociedade civil, doutras administracións ou mesmo doutros países. E, o máis importante, fixa un plan de acción con medidas concretas, que guiará o traballo da Xunta de agora en adiante.

Neste sentido, fíxanse catro eixos estratéxicos:

- (1) A detección: Para contar cun "sistema de alarmas" para identificar casos de soidade non desexada.
- (2) A sensibilización: Para facer partícipe a toda a sociedade desta realidade e da necesidade de abordala.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





(3) A prevención: Xa que é fundamental actuar antes de que o fenómeno apareza, favorecendo as relacións sociais e a participación activa.

(4) E a intervención: Apoiar e acompañar ás persoas que sofren soidade non desexada para superar a súa situación e mellorar a súa calidade de vida.

Unha das principais medidas que forman parte desta Estratexia é unha central multicanle en colaboración con Cruz Vermella. A través dela ponse á disposición unha liña telefónica autonómica de atención a persoas que sofren soidade non desexada e habilitaranse puntos presenciais en distintos lugares da Comunidade.

Deste xeito, axudaremos á detección, intervención e redución das situacións de soidade non desexada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:36:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:36:50
Nº Rexistro: 32048
Data envío: 22/08/2025 12:36:50.144

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21657**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a planificación da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de envellecemento e dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O orzamento que o Goberno galego destina á dependencia, demostra o noso compromiso neste eido. Así neste ano 2025 dedicamos máis de 700 millóns de euros.

Lamentablemente, o Goberno central segue moi lonxe de cumprir a lei de dependencia e de achegar o 50% do financiamento dos servizos. Todo o contrario, en lugar de incrementar as achegas o que fai é reducir o financiamento a Galicia. As cifras son claras: se no ano 2023 aportaba o 40% do custo da dependencia, no 2024 diminuíu esta achega ata o 34,9%.

E como xa temos dito en múltiples ocasións, todo isto se traduce en máis de 2.500 M€ que é o que o galegos deixamos de recibir polo reiterado incumprimento na Lei de Dependencia por parte do Goberno central.

Ademais, a este deficiente financiamento por parte do Executivo central súmase agora un trato desigual con respecto a outras CC.AA, xa que acorda bilateralmente co País Vasco asumir a metade do custo dos servizos.

Por outro lado, promover a igualdade entre mulleres e homes tamén significa levar a corresponsabilidade a todos os ámbitos da vida. Moitas mulleres seguen a ter que facer un sobreesforzo para compaxinar a vida laboral coa familiar.

Dende o Goberno galego levamos anos impulsando medidas que sitúan a Galicia como un referente en conciliación. Así, este ano temos en marcha unha batería de programas de impulso á conciliación e á corresponsabilidade que suman entre todos máis de 150 M€:

A continuidade da gratuidade das escolas infantís (con máis de 65M€ adicados este ano).

As Casas Niño e das Casas do Maior, para garantir tamén a conciliación no rural galego.

O impulso das axudas para a redución de xornada para cambiar a tendencia e que cada vez sexan máis homes os que a soliciten.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O apoio a programas e actividades de conciliación corresponsable en concellos, entidades de iniciativa social e ANPAS cos que chegamos a máis de 30.000 familias o ano pasado.

Ou a ampliación do Bono Concilia Familia.

O Bono Coidado no Fogar, á que fai referencia a iniciativa, é unha axuda directa (5.000 € ao ano) que permite ás persoas en situación de dependencia (maiores e persoas con discapacidade con situación de dependencia recoñecida) permanecer na súa contorna ao coidado dun familiar, amigo ou veciño de referencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:36:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:36:43
Nº Rexistro: 32047
Data envío: 22/08/2025 12:36:43,041

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21676**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia ante o problema das listaxes de espera de cirurxía na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Conforme os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Galicia situouse, a 31 de decembro de 2024 con 67 días de tempo medio de espera, como a 4ª Comunidade con mellores tempos de espera media cirúrxica. Rexistrou, a decembro de 2024, 59 días menos de espera que a media española, que foi de 126 días.

Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 6 meses por unha cirurxía sitúase en Galicia nun 3,9 % fronte á media nacional que é dun 22,9, o que supón un 19 % menos.

Por outra banda, o tempo medio de espera para unha primeira consulta en Galicia foi de 61 días, mentres que a media do Sistema Nacional de Saúde foi de 105 días. Isto supón que estamos 44 días por baixo da media española. Galicia sitúase como a 3ª comunidade con mellores tempos de espera, subindo posicións: da 5ª á 3ª comunidade con mellor demora.

Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 60 días para a primeira consulta é inferior en máis de 26 puntos porcentuais respecto á media nacional: un 36 % en Galicia fronte á media nacional dun 62,3 %. Galicia mellora a súa posición pasando do 5º ao 2º posto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:29:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31455
Data envío: 18/08/2025 19:29:26.370

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta oral en Pleno, **número 21712**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, don Carlos López Font e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a postura do Goberno galego ante a posibilidade de facer modificacións orzamentarias para dotar de medios humanos e materiais a Área Sanitaria de Vigo co obxectivo de reducir as listaxes de espera en cirurxía"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Conforme os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Galicia situouse, a 31 de decembro de 2024 con 67 días de tempo medio de espera, como a 4ª Comunidade con mellores tempos de espera media cirúrxica. Rexistrou, a decembro de 2024, 59 días menos de espera que a media española, que foi de 126 días.

Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 6 meses por unha cirurxía sitúase en Galicia nun 3,9 % fronte á media nacional que é dun 22,9, o que supón un 19 % menos.

Por outra banda, o tempo medio de espera para unha primeira consulta en Galicia foi de 61 días, mentres que a media do Sistema Nacional de Saúde foi de 105 días. Isto supón que estamos 44 días por baixo da media española.

Galicia sitúase como a 3ª comunidade con mellores tempos de espera, subindo posicións: da 5ª á 3ª comunidade con mellor demora.

Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 60 días para a primeira consulta é inferior en máis de 26 puntos porcentuais respecto á media nacional: un 36 % en Galicia fronte á media nacional dun 62,3 %. Galicia mellora a súa posición pasando do 5º ao 2º posto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:36:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:36:30
Nº Rexistro: 32045
Data envío: 22/08/2025 12:36:30.823

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21720**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante un eventual incremento da súa achega orzamentaria ao Servizo de Axuda no Fogar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é consciente da importancia do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), a través do que reciben atención máis de 23.000 persoas con dependencia.

Por iso, vimos de abrir un novo proceso de negociación coa Fegamp para chegar a un acordo que sexa beneficioso para a cidadanía.

Xa o fixemos na anterior lexislatura, acadando en 2021 un acordo que a Xunta cumpriu de xeito rigoroso, e polo que se pasou dunha aportación de 9,7 euros/hora a 12 euros/hora.

Confiamos en que o Goberno central tamén se implique na mellora do financiamento deste servizo e da dependencia no seu conxunto. Pero o certo é que, en lugar de ir subindo a achega ata cubrir o 50% do gasto, o Estado foi reducindo o seu investimento. De feito, en 2023 a cobertura achegada era do 40%, mentres que en 2024 quedou nun 34,9%. Ao mesmo tempo, sigue aumentando as cargas para Comunidades e concellos sen consenso e sen financiamento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:35:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:35:17
Nº Rexistro: 31872
Data envío: 21/08/2025 12:35:17.764

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta oral en Pleno, **número 21749**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a perda de 49 nutricionistas no Sergas ao non lles renovaren os seus contratos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención desde os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:36:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:36:02
Nº Rexistro: 32041
Data envío: 22/08/2025 12:36:02.867

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21879**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Olalla Rodil Fernández e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"as actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia ante a situación da fenda laboral e salarial de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos traballando para reducir as desigualdades entre mulleres e homes, especialmente no eido laboral, algo que é fundamental para avanzar nunha sociedade máis igualitaria.

Nestes momentos, Galicia rexistra unhas taxas de actividade e ocupación de mulleres de 16 a 64 anos superior á media do Estado.

O esforzo realizado nos últimos anos permitiu facer a fenda entre mulleres e homes case 6 puntos con respecto á media nacional.

Pero, ademais, esta tendencia positiva reflíctese tamén na segregación ocupacional, é dicir, no tipo de profesións e empregos que desenvolven. Así, no ano 2024, o grupo ocupacional 2 de alto nivel de cualificación -técnicos profesionais, científicos e intelectuais- rexistrou a maior creación de emprego feminino nos últimos cinco anos, o que supón 19.500 mulleres empregadas máis. No caso do grupo ocupacional 3 de nivel de cualificación medio-alto, o número de empregos femininos medrou en 15.900.

Non obstante, non nos conformamos con estes avances e cremos que hai que seguir de xeito prioritario aumentando a presenza das mulleres en todos os eidos e rompendo as barreiras e teitos de cristal. Por iso mesmo, seguimos impulsando o apoio institucional a través de axudas económicas para fomentar o emprendemento, coma o programa Emega, que este ano conta con máis de 5M€ de investimento e prevé beneficiar 350 iniciativas.

Nos últimos anos, este programa impulsado pola Xunta beneficiou algo máis de 2.000 proxectos de emprendemento feminino e contribuíu a consolidar preto de 4.000 postos de traballo femininos. Neste senso, é importante sinalar que este programa conta cunha liña específica de axudas para a innovación, co que se busca impulsar os proxectos do eido tecnolóxico ou científico, entre outros.

Desde o Goberno galego consideramos que unha parte importante do esforzo debe ir destinada a potenciar a presenza feminina nas carreiras STEM, tradicionalmente asociadas a figuras masculinas. Por iso, ademais do programa Emega, puxemos en marcha as bolsas do programa Galicia Investiga Igualdade, cunha dobre finalidade, potenciar a investigación en materia de xénero e contribuír a detectar cambios e melloras nas políticas públicas neste eido.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A isto, súmanse outras accións coma o Campus en liña en igualdade laboral, que reforzará desde setembro a súa actividade con accións formativas novidosas das que se poderán beneficiar as máis de 8.000 persoas adheridas a este espazo dixital de formación dirixido a formar e sensibilizar na igualdade laboral efectiva entre mulleres e homes a través de accións gratuítas.

Ademais, o Executivo galego anunciou xa a que será a primeira Estratexia de Emprego Feminino en Sectores Masculinizados e co que buscamos potenciar a inserción laboral de mulleres en profesións nas que tradicionalmente atopaban dificultades. Unha medida que se complementa coas axudas destinadas a promover a contratación de mulleres en sectores masculinizados, enmarcadas no programa Galicia Emprega 2025, que este ano conta con preto de 20M€ de orzamento e que tamén conta cunha liña específica para mellorar a empregabilidade feminina.

Con todos, as medidas de impulso e promoción do eido laboral deben acompañarse de políticas públicas que faciliten e poñan a conciliación ao alcance de todas as persoas traballadoras. Por iso, Galicia destina máis de 150M€ en materia de conciliación este ano con recursos pioneiros como as casas niño e casas do maior nos concellos máis pequenos; a gratuidade das escolas infantís -medida pioneira no conxunto do Estado e que permite lle permite á nosa comunidade, ter un ratio de escolarización infantil máis alta de España-; ou o Bono Concilia Familia, que este ano conta con máis de 2M€ de orzamento.

Ademais, acompañamos estas políticas de conciliación cunha aposta pola corresponsabilidade, con liñas de colaboración con concellos, ANPAS e entidades de iniciativa social para que desenvolvan programas de sensibilización en materia de corresponsabilidade, ademais de campañas propias da Xunta nesta materia e unha liña de apoios á redución de xornada que ten como obxectivo o cambio de tendencia para que, cada vez, sexan máis os homes os que decidan reducir as xornadas laborais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:01:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31131
Data envío: 14/08/2025 14:01:21.852

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21951**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a remuda xeracional e a perda de traballadores e traballadoras no sector marisqueiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 3 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 21952, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWUwZmQ0ZjctMDM0Zi00Ym1LTkxZTgtYm1zYjhkYmM0N2M2&start=205.824>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a perda de traballadores e traballadoras no sector marisqueiro e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:43:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:44:00
Nº Rexistro: 32007
Data envío: 22/08/2025 09:44:00.113

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21957**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o impacto na atención primaria da cidade de Ourense derivado da planificación establecida para absorber os servizos prestados no Centro de Saúde Nóvoa Santos durante as obras do novo centro integral de saúde"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Para poder levar a cabo as obras do Centro Integral de Saúde de Ourense é preciso demoler o actual edificio Novoa Santos e, polo tanto, baleiralo. Buscando a mellor adecuación da asistencia estableceuse a proposta máis axeitada tendo en conta a distribución e condicións laborais do persoal.

O servizo Novoa Santos-O Couto consta de dous edificios distintos separados por 1 km, polo que derivar asistencia ao Centro de Saúde do Couto non supón disgregar o servizo. Para facilitar a mobilidade, tramitouse co Concello o reforzo do transporte público mediante novas liñas de autobús".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:49:46
Nº Rexistro: 31289
Data envío: 18/08/2025 13:49:46,622

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:49:46

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21984**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"o estado das instalacións do Centro de Saúde de Negreira e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia segue traballando con rigor e responsabilidade para garantir unha atención sanitaria de calidade en todo o territorio, incluído o concello de Negreira.

Actualmente, a asistencia neste municipio realízase no centro de saúde situado na rúa Castelao, un inmovible de titularidade municipal. O Concello recibe cada ano unha partida da Xunta para sufragar os gastos asociados ao centro de saúde.

Ao tratarse dun espazo que non pertence ao Servizo Galego de Saúde, calquera actuación sobre o mesmo debe artellarse mediante convenios de colaboración entre o Concello e o Servizo Galego de Saúde. O procedemento establecido para as actuacións nos centros de saúde de responsabilidade municipal é o cofinanciamento das obras ao 50% entre o Concello e a Xunta.

Xa no ano 2022, os técnicos do Servizo Galego de Saúde propuxeron unha mellora das instalacións existentes, ofrecendo cofinanciar as obras ao 50 %, segundo o recollido no procedemento establecido. Posteriormente, o propio Concello expresou a súa vontade de promover un novo centro de saúde, proposta que, a día de hoxe, non se atopa incluída no Plan de Infraestruturas de Atención Primaria vixente.

Este Plan, aprobado en 2021, establece criterios técnicos e asistenciais obxectivos – como o estado das instalacións, antigüidade ou necesidades funcionais– para priorizar as actuacións en todo o sistema sanitario galego.

Desde a Consellería de Sanidade mantense un diálogo aberto co Concello de Negreira e, como sempre, estudarase con responsabilidade calquera proposta que se axuste aos criterios do Plan e teña viabilidade técnica e orzamentaria".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:49:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:49:34
Nº Rexistro: 31287
Data envío: 18/08/2025 13:49:34.276

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21999**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"os dereitos de voto na Sociedade Recursos de Galicia por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"RDG constitúe un proxecto de todas as galegas e galegos, non só da esfera pública ou da esfera privada, e respectuoso co ordenamento xurídico. A condición de primeira accionista da Xunta, sendo o accionista maioritario dos minoritarios, garante a preservación do interese xeral na sociedade dentro das dinámicas de mercado. E o carácter mixto da compañía robustécea, á vez que lle dá a transversalidade que a converte nun proxecto de país, mais non dispón da maioría de votos dentro do Consello de Administración da Sociedade, por iso, a capacidade de decisión debe ser exercida mediante mecanismos de diálogo, consenso e coordinación co resto dos integrantes do órgano de goberno. Esta circunstancia reforza a importancia de construír unha cultura societaria baseada na corresponsabilidade, na transparencia e na orientación aos obxectivos comúns que fan de RDG un verdadeiro proxecto de país, sostido polo equilibrio entre interese público e loxística empresarial".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:35:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:35:11
Nº Rexistro: 31871
Data envío: 21/08/2025 12:35:11.361

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22024**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a evolución dos datos respecto da integración social da poboación xitana"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aprobou o pasado 24 de marzo de 2025 a Estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2025-2030, dotando así dun novo marco de referencia para o reforzo e reorientación de medidas dirixidas a acadar con maior eficacia a promoción e inclusión social da poboación xitana.

A nova Estratexia traballará para promover o desenvolvemento dos dereitos fundamentais das persoas xitanas e normalizar as súas condicións e calidade de vida en todos os eidos, incluíndo a súa participación plena social e económica. E para acadar esta meta, o documento establece oito obxectivos estratéxicos, catro deles de carácter horizontal e outros catro de ámbito sectorial, que inciden en dimensións clave:

Os obxectivos estratéxicos horizontais da Estratexia son: reducir a vulnerabilidade e a incidencia da pobreza e a exclusión; acadar a igualdade de trato e respecto á diversidade combatendo o antixitanismo e a discriminación; promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e reducir a desigualdade de xénero; e impulsar a participación e a cidadanía activa a través do empoderamento.

Os obxectivos estratéxicos sectoriais da Estratexia son: incrementar o nivel educativo das persoas xitanas a través do acceso efectivo a unha educación xeral, inclusiva e de calidade; procurar á poboación xitana en idade de traballar máis posibilidades de acceso e mellores condicións de participación no mercado laboral; mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación xitana; e promover a mellora do estado de saúde das persoas xitanas a e reducir as desigualdades neste ámbito respecto da poboación total, a través dun mellor o acceso e uso dun sistema sanitario máis inclusivo.

Polo tanto, os obxectivos conectan cos desafíos identificados nas diferentes áreas, nun proceso de avaliación da estratexia levada a cabo entre 2014 e 2021, e de preparación de propostas para o deseño desta nova estratexia na que participaron concellos, entidades e as propias persoas xitanas.

As medidas concretas orientadas a cumprir estes obxectivos formarán parte dos dous plans operativos 2025-2027 e 2028-2030 a través dos que se implantará a Estratexia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Serán medidas dos ámbitos educativo, vivenda, saúde, emprego e relativos ás áreas transversais de intervención, como é a loita contra o antixitanismo.

Estímase que no período de vixencia da Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana destinaranse preto dos 17 Millóns de euros a programas e medidas específicas con esta comunidade en Galicia. Se ben, é preciso sinalar que esta estratexia enmárcase dentro da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030. Deste xeito, a Xunta de Galicia continúa a traballar en programas que combinan as políticas xerais de inclusión -orientadas con carácter xeral a abordar vulnerabilidade, pobreza e exclusión social-, con medidas específicas dirixidas á poboación xitana, abordando os obstáculos que dun xeito singular esta afronta.

Pode acceder ao documento no seguinte enlace da web da Consellería de Política Social e Igualdade:

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/estratexia-de-inclusion-social-da-poboacion-xitana-en-galicia-2025-2030>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:35:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:35:03
Nº Rexistro: 31870
Data envío: 21/08/2025 12:35:03,625

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22107**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"a orixe dos fondos propios da Xunta de Galicia destinados ao financiamento plurianual do Plan director da automoción para o período 2025-2027"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O apartado 10 do Plan Director da Automoción 2025-2027 refírese ao Marco económico-financieiro e planificación, e inclúe unha táboa coas medidas priorizadas para o sector da automoción, así como unha segunda táboa que contén outras medidas de interese relacionadas co desenvolvemento e a innovación do sector.

Con respecto á información incluída na primeira táboa, cómpre salientar que existen medidas que non inclúen dotación económica concreta, senón a indicación N/A (non aplicable) debido a que son medidas de apoio, asesoramento ou colaboración, cuxo custo para a Administración autonómica é unicamente de persoal e outros gastos correntes. No resto de medidas, que si inclúen orzamento, as dotacións económicas consignadas en cada unha delas son as que xa se atopan previstas e reservadas de acordo cos orzamentos dos distintos centros directivos da Xunta de Galicia. Agora ben, existen medidas cuxa asignación de fondos ten carácter anual, polo que os seus orzamentos concretos poden variar dun ano a outro, polo que se incluíu con exactitude os orzamentos do ano 2025, xa dispoñibles no momento de aprobación do Plan.

Tal e como se indica no Plan Director da Automoción 2025-2027 en relación á súa dotación orzamentaria, tendo en conta que as contías finais correspondentes ás anualidades 2026 e 2027, unha vez que se concreten para os vindeiros anos –con gran probabilidade serán dunha orde de magnitude similar ás do ano 2025–, pódese estimar que a dotación total dedicada pola Xunta de Galicia á execución das medidas incluídas no Plan Director da Automoción para desenvolver nas anualidades 2025-2027 ascenderán a uns 135 millóns de euros, aos que deben engadirse os 50 millóns de euros previstos para as convocatorias extraordinarias de axudas previstas para o período 2025-2026, totalizando un apoio público de 185 millóns de euros.

En consecuencia, as porcentaxes relativas ás distintas fontes de financiación do Plan Director no período global 2025-2027 deben entenderse como unha referencia, xa que o seu valor exacto dependerá das fontes de financiamento concreto que se fixarán nos orzamentos da Comunidade Autónoma dos anos 2026 e 2027.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En calquera caso, tomando o ano 2025 como referencia, a porcentaxe aproximada de fondos propios que financian as medidas previstas no plan é dun 47%, correspondendo un 35% a fondos europeos, 8% a fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e 10% a fondos finalistas. Dos fondos europeos, o 98% corresponde a fondos FEDER, e o 2% a fondos FSE. Nestes valores non se inclúen as medidas nas que non se consigna unha dotación económica concreta, ao ser medidas de apoio, asesoramento ou colaboración, cuxo custo para a Administración autonómica é unicamente de persoal e outros gastos correntes que son financiadas, de forma xeral, con fondos propios.

Por outra parte, cómpre lembrar que, atendendo ao gran desafío ao que se enfronta a industria da automoción galega para manter a súa competitividade e tratando de paliar no posible os impactos aos que se ve sometido o sector de xeito máis inmediato, a Xunta de Galicia decidiu abordar unha primeira medida extraordinaria dirixida a apoiar a execución de investimentos executados no ano 2024 por empresas industriais do sector de automoción galegas ou cun centro de traballo en Galicia. Os investimentos que se favoreceron inclúen equipamentos, sistemas, obras e consultoría de proxectos de futuro ante a transición do sector, así como proxectos de aforro e eficiencia enerxética ou de aproveitamento de enerxías renovables. Esta axuda, dotada con 18 millóns de euros, supuxo un primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade. Ademais, aprobouse un apoio extraordinario de 4 millóns de euros ao CTAG para mellorar as súas instalacións e equipamentos, e promover así a mellora tecnolóxica en toda a cadea de valor. Estes 22 millóns de euros corresponderon a fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra parte, de acordo co artigo 14 do Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, constitúen dereitos económicos da Facenda Pública galega:

1. Os rendementos dos impostos, das taxas e das contribucións especiais que estableza a Comunidade Autónoma.
2. Os rendementos dos tributos cedidos polo Estado.
3. A participación nos ingresos do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.
4. As dotacións para a nivelación dos servizos mínimos.
5. O importe dos prezos derivados dos servizos prestados pola Comunidade ou pola concesión de canons por aproveitamentos especiais, xa sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos dos servizos estatais.
6. Os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial ou doutros fondos de análoga natureza.
7. As recargas sobre impostos estatais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



8. Calquera outra asignación a favor da Comunidade Autónoma contemplada nos orzamentos xerais do Estado ou nos doutros entes públicos.
9. O produto da emisión da débeda pública e do recurso ao crédito.
10. Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.
11. Os legados, as doazóns e calquera outro ingreso de dereito privado.
12. O produto das multas e sancións impostas no ámbito da súa competencia.
13. No seu caso, as participacións que establezan as Leis nos ingresos por tributos do Estado para recuperar os custos sociais producidos por actividades contaminantes ou que deterioren o medio ambiente ou que xeren riscos de especial gravidade para o medio físico e humano de Galicia.
14. As subvencións que poida recibir a Comunidade Autónoma.
15. Calquera outro recurso de dereito público ou privado que obteña ou lle corresponda á Comunidade Autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:21:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:21:26
Nº Rexistro: 31777
Data envío: 20/08/2025 12:21:26.647

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22133**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as previsións do Goberno galego no que atinxe á restitución da praza de nutricionista nos centros de saúde de Santa Comba e Negreira"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A creación da categoría de nutricionista de atención primaria en Galicia en decembro de 2022 supuxo unha mellora na abordaxe de enfermidades crónicas como a diabetes ou a hipertensión, reforzando a atención dende os propios centros de saúde a través dun programa piloto.

A Xunta de Galicia foi pioneira na incorporación destes profesionais á atención primaria e tras o programa piloto consolidou a súa aposta coa creación de 45 prazas estables. O número de prazas creadas baseouse na demanda durante o programa piloto e nas recomendacións de rateos establecidas por colexios e asociacións profesionais.

A Asociación Española de Dietistas-Nutricionistas (AEDN) recomenda que haxa 1 nutricionista por cada 50.000 habitantes. Con 45 nutricionistas o Servizo Galego de Saúde cumpre con este criterio referente á poboación diana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:49:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:49:03
Nº Rexistro: 31282
Data envío: 18/08/2025 13:49:03,246

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22268**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante os criterios das empresas xestoras de residencias de maiores privadas para a fixación dos custos das súas prazas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Dentro dun contexto de liberdade de mercado, os prezos dos servizos prestados nas residencias privadas están determinados no contrato de prestación de servizos. Dito contrato que asinan a entidade prestadora e a persoa usuaria ten carácter privado e nel, establécese así mesmo o incremento anual que se aplicará a ditos prezos, que habitualmente está referenciado ao IPC.

A Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade verifica que os prezos aplicados coinciden cos establecidos nos contratos asinados e que o importe dos servizos complementarios figura no taboleiro de anuncios do centro. Así mesmo, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, debe figurar o custo da habitación dobre e da habitación individual.

En xeral, o prezo de estancia nunha residencia varía en función do grao de dependencia da persoa usuaria e das súas necesidades específicas de atención, de tal xeito que si a persoa residente incrementa o grado de asistencia o prezo pola prestación do servizo tamén se incrementa.

Ademais o incremento anual ven dado por distintos parámetros como o incremento do SMI, subidas salariais fixados nos convenios colectivos e a inflación, que inflúen no coste do servizo con repercusión nos distintos bens e servizos, manutención, subministros, mantemento, enerxía..."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:34:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:34:57
Nº Rexistro: 31869
Data envío: 21/08/2025 12:34:57,398

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22346**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Iria Carreira Pazos e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as declaracións do presidente da Xunta de Galicia respecto do número de camas da unidade de coidados intensivos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense logo da súa renovación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A ampliación e renovación integral da UCI supón pasar da vintena de camas ata chegar a 30, incrementando a capacidade asistencial en máis do 30 %. Ademais, a obra responde, entre outras, a necesidades xurdidas tras a pandemia como a incorporación de boxes de illamento, a renovación de aire individualizada en cada box, ademais de contar coa última tecnoloxía de alarmas e seguimentos e guindastres individuais en cada box. Estas melloras supoñen investimentos da Xunta de máis de 8 millóns de euros.

A obra tamén inclúe como novidade na humanización do servizo a creación dunha sala para o descanso de familiares que acompañen aos pacientes.

Leváronse a cabo reunións cos profesionais do servizo onde se valoraron, entre outras cousas, propostas de distribución do persoal na unidade. Participaron activamente no deseño da renovación a xefatura e a supervisión do servizo, ademais dunha enfermeira experta da propia unidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:48:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:48:37
Nº Rexistro: 31278
Data envío: 18/08/2025 13:48:37.875

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22354**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a reorganización dos servizos sanitarios, especialmente os de saúde mental, levada a cabo pola Xunta de Galicia na cidade de Ourense debido ás obras de construción do Centro Integral de Saúde"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Para poder levar a cabo as obras do Centro Integral de Saúde de Ourense é preciso demoler o actual edificio Novoa Santos e, polo tanto, baleiralo. Buscando a mellor adecuación da asistencia estableceuse a proposta máis axeitada tendo en conta a distribución e condicións laborais do persoal.

O servizo Novoa Santos-O Couto consta de dous edificios distintos separados por 1 km, polo que derivar asistencia ao centro de saúde do Couto non supón disgregar o servizo. Para facilitar a mobilidade, tramitouse co Concello o reforzo do transporte público mediante novas liñas de autobús".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:22:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 12:22:19
Nº Rexistro: 31265
Data envío: 18/08/2025 12:22:19.604

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22395**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as consecuencias da planificación levada a cabo co fin de reestruturar a rede de unidades de saúde mental da cidade de Ourense no transcurso das obras para a construción do Centro Integral de Saúde"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Para poder levar a cabo as obras do Centro Integral de Saúde de Ourense é preciso demoler o actual edificio Novoa Santos e, polo tanto, baleiralo. Buscando a mellor adecuación da asistencia estableceuse a proposta máis axeitada tendo en conta a distribución e condicións laborais do persoal.

O servizo Novoa Santos-O Couto consta de dous edificios distintos separados por 1 km, polo que derivar asistencia ao centro de saúde do Couto non supón disgregar o servizo. Para facilitar a mobilidade, tramitouse co Concello o reforzo do transporte público mediante novas liñas de autobús".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 12:22:07
Nº Rexistro: 31263
Data envío: 18/08/2025 12:22:07.624

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:22:07

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22474**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey sobre **"o número de proxectos que prevé financiar o Goberno galego en 2025 nos concellos da comarca de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A través das principais liñas de axuda dirixidas a concellos e xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, 19 concellos da área de Ferrol obtiveron, no ano 2024, axudas por importe de 1.833.395,07€, todos agás o concello de Ferrol que unicamente presentou solicitude na liña completa do Fondo de Compensación Ambiental e que lle foi denegada.

A orde de infraestruturas permitiu executar 4 proxectos por importe de 133.686,80€ a través dos que colaborouse cos concellos para construír, mellorar, ampliar ou rehabilitar os edificios e dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e melloráronse tres parques infantís municipais.

A través da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental subvencionáronse 3 proxectos por importe de 88.627,09€, mediante os que se contribuíu á modernización tecnolóxica e o desenvolvemento sustentable dos concellos coa adquisición de dous vehículos eficientes e outro material para a xestión do medio ambiente. A liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, con este mesmo obxectivo xeral, permitiu executar 11 proxectos por importe de 858.461,72€, destinados a limpeza e adecuación de rutas de sendeirismo, mellora dos servizos medioambientais, adquisición de diverso material, tractores, colectores de lixo, mellora das redes de saneamento e abastecemento municipal e outros proxectos de conservación, mantemento e restauración do medio ambiente e reequilibrio territorial.

No 2024 a Xunta de Galicia puxo en marcha unha nova liña de axudas plurianual para o período 2024-2025 cofinanciada con fondos FEDER ao 60% destinada á execución de obras de eficiencia enerxética consistentes na mellora da envolvente térmica dos edificios e infraestruturas municipais, instalación de sistemas de iluminación eficiente no interior dos edificios e infraestruturas municipais; e mellora dos sistemas de climatización e calefacción nos edificios e infraestruturas municipais, da que foron beneficiarios 2 proxectos da contorna de Ferrol que obtiveron 151.220,27€ de financiamento.

A liña de colaboración cos concellos de menos de 15.000 habitantes destinada a obras de mellora da eficiencia enerxética e financiada co fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinou, nesta área, 449.723,23€ aos proxectos presentados por 8 concellos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Gracias a orde de axudas destinada ao financiamento dos servizos municipais de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas 11 concellos de Ferrol obtiveron axuda para o cofinanciamento deste servizo por importe de 105.175,96€

Por último indicar que os concellos de Narón, Ortigueira e Valdoviño obteñen da Dirección Xeral de Administración Local 46.500€ para o financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal dos que son sede.

Polo que respecta aos fondos consignados para este ano, non existe unha previsión sobre os concellos que resultarán beneficiarios das diferentes liñas de colaboración xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local xa que, resólvense polo procedemento de concorrència competitiva agás a liña non competitiva do FCA que, na área de Ferrol conta con 11 concellos potenciais beneficiarios que teñen persignado o importe total de 856.590,99€, tal e como se desprende do Anexo V da Orde do 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrència non competitiva e da liña en concorrència competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025.

O resto das liñas de financiamento están en fase de revisión da documentación presentada polos concellos e de requirimento de emenda, con carácter previo á valoración das solicitudes e resolución. Estas liñas de colaboración. resólvense a través do procedemento de concorrència competitiva, isto é a concorrència implica a comparación das solicitudes presentadas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria. Xa que logo, todas as solicitudes son avaliadas ao mesmo tempo e baixo os mesmos criterios, polo que todos os proxectos presentados teñen as mesmas oportunidades e non poden facerse estimacións de potenciais beneficiarios antes da proposta de resolución."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:28:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31581
Data envío: 19/08/2025 16:28:13,384

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22482**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o orzamento previsto para a construción do parque canino de Catabois, no concello de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta e o Concello de Ferrol están a impulsar xuntos a construción dun gran parque canino no polígono de Catabois, o primeiro destas características promovido en Galicia polo Goberno autonómico. O acordo materializarase a través dun convenio de colaboración xa asinado con vixencia ata finais de ano.

O futuro parque canino estará localizado na zona de Catabois, nunha parcela pública proposta polo executivo local e actualmente sen uso, localizada entre a estrada de Catabois, as vivendas de San Pablo e os depósitos de auga de Santa Mariña.

O espazo proxectado, que conta cun investimento de 70.000 euros, ocupará unha superficie construída de aproximadamente 2.200 metros cadrados, equipado con diferentes elementos destinados a garantir o ocio, lecer e exercicio físico dos animais así como o mobiliario necesario para os seus propietarios.

Tal e como se especifica no acordo, a Xunta asumirá a redacción do proxecto e a posterior construción do novo parque canino ata completar os traballos para proceder á súa entrega formal, mentres que o Concello de Ferrol cederá os terreos xa citados, facilitará todos os permisos municipais requiridos para poder executar a obra e farase cargo do posterior mantemento, explotación e conservación da infraestrutura.

Cómpre lembrar que o impulso da man dos concellos de parques caninos nas sete grandes urbes galegas foi unha das medidas comprometidas pola Xunta para seguir avanzando en materia de protección e benestar animal na presente lexislatura".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:22:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 12:22:02
Nº Rexistro: 31262
Data envío: 18/08/2025 12:22:02.046

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22661** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o número de vacantes de persoal facultativo no Hospital Público do Barco de Valdeorras e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 20 as previsións da Xunta de Galicia, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a actuar con firmeza para garantir a asistencia sanitaria no Hospital Público do Barco de Valdeorras, cunha estratexia centrada na cobertura dos postos vacantes e na consolidación de profesionais.

Nos últimos anos incorporáronse ao cadro de persoal médico do hospital comarcal de Valdeorras un total de 23 profesionais de distintas especialidades. Ademais, estanse a executar varios procesos selectivos de estabilización e concursos de méritos para cubrir as vacantes pendentes.

Galicia foi pioneira ao aprobar a Lei 2/2022, que permite declarar como de difícil cobertura determinados postos dos hospitais comarcais, incluído o de Valdeorras, e establecer incentivos específicos para mellorar a súa provisión. Grazas a esta lei xa se cubriron 14 prazas de persoal facultativo mediante concurso de méritos, e está prevista unha nova convocatoria para as restantes.

Cómpre lembrar que estas medidas legais e de xestión contaron co voto en contra dos grupos que agora reclaman unha resposta urxente. A realidade é que a Xunta traballa desde o primeiro momento, con rigor e anticipación, para garantir unha sanidade pública e de calidade na comarca de Valdeorras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:08:57
Nº Rexistro: 32039
Data envío: 22/08/2025 12:08:57.874

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:08:57

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22698**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a inclusión do proxecto da mina de Doade, en Beariz, na lista de proxectos estratéxicos de materias primas críticas seleccionados pola Comisión Europea"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Europea, logo dun proceso de selección e valoración, declarou o pasado mes de marzo o proxecto da mina de Doade como estratéxico, xa que prevé a extracción dunha materia prima crítica e estratéxica como é o litio.

Pero esta declaración unicamente supón, ademais do interese da UE na extracción por parte de España desta materia prima:

- Unha aceleración na tramitación.
- A posibilidade de acceder a financiamento.

En calquera caso, é un proxecto que acaba de comezar a súa tramitación, tamén a nivel ambiental, xa que actualmente só conta cun permiso de investigación e vén de publicarse o 18.07.2025 no Diario Oficial de Galicia o Acordo do 10 de xullo de 2025, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración presentados xunto coa solicitude de pase a concesión de explotación de 17 cuadrículas mineiras derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) Alberta I número 4966.1.1, nos concellos de Beariz e Avión, provincia de Ourense, e A Lama, provincia de Pontevedra.

De igual forma, que fose declarado como estratéxico pola Comisión Europea non suporá un menoscabo ambiental, xa que o expediente someterase a unha tramitación garantista, de tal forma que unicamente se autorizará se se considera que é ambientalmente viable, e despois de:

- Someterse a información pública.
- E solicitar informe a todos os organismos sectoriais competentes e someterse a avaliación ambiental.

Este proxecto non é o mesmo do ano 2018, e precisamente a normativa contempla estes supostos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





De feito, con ocasión da modificación dos Anexos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, agora este proxecto terá que someterse a avaliación ambiental ordinaria, o que supón unha garantía adicional, e que determinará que unicamente o proxecto poida autorizarse, con independencia da súa cualificación por parte da Comisión Europea, se se demostra que é viable ambientalmente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:01:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31128
Data envío: 14/08/2025 14:01:10.530

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22705**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto do interese do proxecto mineiro de Doade, no concello de Beariz"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Europea declarou o pasado mes de marzo o proxecto da mina de Doade como estratéxico, xa que prevé a extracción dunha materia prima crítica e estratéxica como é o litio.

Pero esta declaración unicamente supón, ademais do interese da UE na extracción por parte de España desta materia prima:

- Unha aceleración na tramitación.
- A posibilidade de acceder a financiamento.

En calquera caso, é un proxecto que acaba de comezar a súa tramitación, tamén a nivel ambiental, xa que actualmente só conta cun permiso de investigación e vén de publicarse o 18.07.2025 no Diario Oficial de Galicia o Acordo do 10 de xullo de 2025, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración presentados xunto coa solicitude de pase a concesión de explotación de 17 cuadrículas mineiras derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) Alberta I número 4966.1.1, nos concellos de Beariz e Avión, provincia de Ourense, e A Lama, provincia de Pontevedra.

En calquera caso, que fose declarado como estratéxico pola Comisión Europea non suporá un menoscabo ambiental, xa que o expediente someterase a unha tramitación garantista, de tal forma que unicamente se autorizará se se considera que é ambientalmente viable, e despois de:

- Someterse a información pública.
- E solicitar informe a todos os organismos sectoriais competentes e someterse a avaliación ambiental.

Para a extracción, empregarase minería de transferencia, é dicir, un proceso de corte e recheo (cut&fill), que é un método utilizado en minería subterránea que combina a extracción de mineral coa estabilización das galerías subterráneas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Doutra banda, a duración do proxecto que prevé o promotor, desde que se inicie o funcionamento de Mina Doade, é de 42 anos nos que se producirán concentrados de minerais como produtos comercializables. Unha vez acabado, darase por completado o proceso de restauración.

E en canto a xeración de emprego, o promotor, na súa documentación estimou que se xerarán ata 320 postos de traballo (directos e indirectos) desde que se aprobe o Proxecto de Explotación e ata a restauración completa da mina”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:21:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 12:21:34
Nº Rexistro: 31258
Data envío: 18/08/2025 12:21:34.845

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22706**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o estado en que está a tramitación do proxecto mineiro de Doade ante a Consellería de Economía e Industria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Europea declarou o pasado mes de marzo o proxecto da mina de Doade como estratéxico, xa que prevé a extracción dunha materia prima crítica e estratéxica como é o litio.

Pero esta declaración unicamente supón, ademais do interese da UE na extracción por parte de España desta materia prima:

- Unha aceleración na tramitación.
- A posibilidade de acceder a financiamento.

En calquera caso, é un proxecto que acaba de comezar a súa tramitación, tamén a nivel ambiental, xa que actualmente só conta cun permiso de investigación e vén de publicarse o 18.07.2025 no Diario Oficial de Galicia o Acordo do 10 de xullo de 2025, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración presentados xunto coa solicitude de pase a concesión de explotación de 17 cuadrículas mineiras derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) Alberta I número 4966.1.1, nos concellos de Beariz e Avión, provincia de Ourense, e A Lama, provincia de Pontevedra.

En calquera caso, que fose declarado como estratéxico pola Comisión Europea non suporá un menoscabo ambiental, xa que o expediente someterase a unha tramitación garantista, de tal forma que unicamente se autorizará se se considera que é ambientalmente viable, e despois de:

- Someterse a información pública.
- E solicitar informe a todos os organismos sectoriais competentes e someterse a avaliación ambiental.

Para a extracción, empregarase minería de transferencia, é dicir, un proceso de corte e recheo (cut&fill), que é un método utilizado en minería subterránea que combina a extracción de mineral coa estabilización das galerías subterráneas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Doutra banda, a duración do proxecto que prevé o promotor, desde que se inicie o funcionamento de Mina Doade, é de 42 anos nos que se producirán concentrados de minerais como produtos comercializables. Unha vez acabado, darase por completado o proceso de restauración.

E en canto a xeración de emprego, o promotor, na súa documentación estimou que se xerarán ata 320 postos de traballo (directos e indirectos) desde que se aprobe o Proxecto de Explotación e ata a restauración completa da mina”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:21:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 12:21:28
Nº Rexistro: 31257
Data envío: 18/08/2025 12:21:28.296

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22762**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a transparencia dos contratos do transporte público por estrada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte interurbano de competencia autonómica funciona razoablemente ben e conta co respaldo dos galegos, como queda acreditado cun incremento paulatino do número de usuarios.

O Plan de transporte público de Galicia contempla ferramentas de control para asegurar o cumprimento dos contratos e medidas correctoras e sancionadoras en caso de que se constaten incumprimentos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:27:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31577
Data envío: 19/08/2025 16:27:48,991

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22773**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Mercedes Queixas Zas e don Daniel Castro García, sobre **"a postura que prevé adoptar a Xunta de Galicia ante o anuncio do peche de Sargadelos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A visita do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á planta de Cervo está enmarcada nos contactos que está a manter a Xunta de Galicia coa dirección de Sargadelos. Neste caso, tratouse dunha visita interna ás instalacións da planta.

O Goberno galego remarca a súa vontade para facilitar a implantación das medidas que corrixa as deficiencias detectadas a raíz da inspección, dándolle prioridade á saúde dos traballadores e traballadoras, atendendo coa máxima sensibilidade legal as singularidades dun edificio catalogado como BIC.

Non obstante, cómpre trasladar que a análise técnica sinala que o subsanamento destas eivas é perfectamente compatible co mantemento da actividade. A colaboración da Xunta irá sempre da man de garantir a continuidade da planta e o respecto dos dereitos laborais do persoal.

Neste sentido, a Xunta está a traballar con seriedade, discreción e rigor, e apelando á responsabilidade de todas as partes para atender, con todas as garantías, o futuro dos traballadores e traballadoras e o da propia planta de Cervo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:08:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:08:34
Nº Rexistro: 32035
Data envío: 22/08/2025 12:08:34.633

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22847**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"os prazos previstos polo Goberno galego para a posta en marcha da planta de reciclaxe de residuos téxtiles que se prevé instalar en Cerceda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta destinará preto de 25 millóns de euros á construción e xestión da que será a primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles da Comunidade, que se localizará na Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda, e terá capacidade para procesar 3.000 toneladas anuais, coa posibilidade de ampliarse ata, aproximadamente, as 24.000 toneladas por ano.

O contrato licitouse na plataforma de contratos da Xunta o pasado 30 de decembro, logo de ser autorizado polo Consello da Xunta o día 27 de decembro, e inclúe a construción da planta e a xestión integral da instalación por un período de dous anos, coa posibilidade de ser prorrogada por outros dous anos máis.

Unha vez adxudicado o contrato, as obras comezaron co movemento de terras. A previsión é que poida entrar en funcionamento en 2026.

O cometido desta instalación centrarase na selección de téxtiles por composición e cores para remitir aos correspondentes centros recicladores. Deste xeito, a súa función principal será a de preparar para reciclar tanto residuos téxtiles procedentes das empresas de economía social que operan en Galicia, como aqueles que teñan a súa orixe en contedores instalados na rúa, ampliando así a capacidade actual de Sogama para xestionar novas fraccións de refugалlos, en liña coas esixencias e obxectivos comunitarios neste eido.

O material seleccionado enviarase aos centros recicladores para a obtención de fibra téxtil reciclada a partir da que se confeccionarán novas prendas, aínda que tamén se poderán destinar a outros usos como a fabricación de material illante. No caso da

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



parte non reciclable, e tendo en conta a infraestrutura coa que conta Sogama, procederase á súa valorización enerxética co fin de evitar o seu depósito en vertedoiro, que, segundo a xestión xerarquizada de residuos establecida pola UE, é a opción máis contaminante. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:00:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31121
Data envío: 14/08/2025 14:00:29.593

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22900**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en canto á reposición do servizo de pediatría en Castro de Rei"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os menores de Castro de Rei teñen garantida a atención médica nas mesmas xornadas que antes da situación de incapacidade temporal da persoa titular da praza de Pediatría.. Os médicos de familia reciben formación en pediatría e están plenamente capacitados para atender este servizo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:17:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31168
Data envío: 14/08/2025 14:17:24.314

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22905**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en canto á reposición do servizo de pediatría en Outeiro de Rei"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os menores de Outeiro de Rei teñen garantida a atención médica nas mesmas xornadas que antes da situación de incapacidade temporal da persoa titular da praza de Pediatría. Os médicos de familia reciben formación en pediatría e están plenamente capacitados para atender este servizo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:17:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31166
Data envío: 14/08/2025 14:17:12.941

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22922**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"as incidencias que se están producindo no funcionamento dos servizos ferroviarios en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes durante a comparecencia a petición propia, número de rexistro 26638, para informar sobre a situación do transporte en Galicia e que tivo lugar no Pleno celebrado o pasado 10 de xuño de 2025, á que nos remitimos e que pode verse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZWZjYjA1YzMtNWYxMS00MmZiLWFiZjAtMmU4ZTAwMmNiNjg5&start=5045.419](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWZjYjA1YzMtNWYxMS00MmZiLWFiZjAtMmU4ZTAwMmNiNjg5&start=5045.419)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 12:34:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 12:34:46
Nº Rexistro: 31867
Data envío: 21/08/2025 12:34:46,266

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 23678**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"a aplicación dunha tarifa plana para fomentar o transporte público por estrada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Plan de Transporte Público de Galicia supón unha mellora continua do transporte interurbano, xa que está en permanente adaptacións ás necesidades cambiantes dos usuarios e presta, ademais, un servizo moderno e de calidade.

O Goberno galego fomenta o uso do autobús por parte da cidadanía principalmente a través de dúas vías, por medio do abaratamento das tarifas que pagan os usuarios e por medio da mellora continua da oferta de servizos dispoñibles."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:27:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31572
Data envío: 19/08/2025 16:27:16.116

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 23845**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, don Iago Suárez Fernández e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións do Goberno galego no que concirne á mellora dos servizos de transporte público por estrada nas vilas do rural galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A aposta da Xunta polo transporte público da súa competencia está fóra de dúbida, tanto polo investimento que lle dedica como pola súa disposición a mellorar todo o posible o servizo, co establecemento de novas liñas, modificación de horarios e paradas ou reforzo de servizos.

O alto nivel de dispersión e o avellentamento da poboación galega son factores determinantes para a ideación dun mapa adaptado ás necesidades cambiantes do transporte público. Por esta razón, o Goberno galego puxo en marcha o transporte compartido e baixo demanda, especialmente concibidos para mellorar as conexións do rural galego."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:27:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31570
Data envío: 19/08/2025 16:27:02.451

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 23847**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, don Iago Suárez Fernández e don Luis Bará Torres, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da posta en marcha dun servizo ou plan de transporte nocturno como foi o Noitebús"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O autobús interurbano da Xunta de Galicia ofrece servizos en horario nocturno que facilitan á cidadanía a posibilidade de viaxar en transporte público ás localidades que atraen visitantes vencellados ao lecer nocturno. Deste xeito, o fomento do uso do transporte público en substitución do coche privado persegue os obxectivos de reducir os riscos da conducción nocturna despois de xornadas de lecer, diminuír o tráfico e, con iso, o impacto ambiental.

Así, existen servizos nocturnos específicos nas fins de semana durante todo o ano para facilitar os desprazamentos a Santa Comba, Santiago de Compostela ou Pontevedra. Ademais, en áreas como a da Coruña ou en Ferrol o transporte público autonómico ofrece servizos que polos seus horarios poden ser empregados pola cidadanía que se despraza para desfrutar do lecer nocturno.

Ademais, no verán, a Xunta de Galicia activa servizos de autobús nocturnos en zonas de forte atracción de visitantes e nas que se incrementa a demanda de transporte público en horario de madrugada, principalmente nas fins de semana, como no Grove, Sanxenxo ou o corredor Vigo-Baiona.

Por outra banda, xunto coa oferta dispoñible durante todo o ano e as liñas activas durante o verán, principalmente na tempada estival existen servizos de autobús específicos para facilitar os desprazamentos a numerosas verbenas, festas e festivais dun xeito cómodo e seguro.

En consecuencia, a oferta de servizos de autobús nocturnos dispoñibles adáptase ás necesidades actuais da cidadanía, nas súas conexións e frecuencias, que varían ao longo do ano."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:26:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31568
Data envío: 19/08/2025 16:26:49.923

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 23941**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia ante as demandas dunha modificación do servizo de garda do persoal médico forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Precisamente porque o Goberno galego entende que os médicos forenses realizan unha actividade esencial na Administración de Xustiza é polo que incrementou, no ano 2017, o número de médicos por quenda de garda, en máis dunha subdirección. Coa posibilidade, ademais, de agruparse tres médicos forenses para facer as quendas de 12 horas día/noite con descanso as 12 horas seguintes, os 7 días consecutivo ou por territorios, agrupando varios partidos xudiciais.

A heteroxeneidade das Subdireccións motivou á Administración galega a facer un estudo sobre a situación e a carga de traballo deste colectivo, co fin de actualizar o Decreto de creación do Imelga do ano 2005 ao novo regulamento dos Institutos de Medicina Legal do ano 2023, cuxa tramitación xa se iniciou.

Salientar, en último lugar, que os médicos forenses en Galicia son os únicos en todo o territorio nacional que teñen desenvolvida a carreira profesional, o que supón un incremento considerable nas súas nóminas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 14:16:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31162
Data envío: 14/08/2025 14:16:55,664

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23946**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona María Elena Espinosa Mangana sobre **"os obxectivos que espera acadar a Xunta de Galicia en 2025 no ámbito da empregabilidade das persoas con discapacidades"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

" A Estratexia Galega de Economía Social é unha planificación co seu horizonte no ano 2027 e busca impulsar este modelo empresarial como motor da xustiza social, garante do emprego inclusivo e ferramenta indispensable para seguir fortalecendo o tecido emprendedor galego.

Ao respecto da exposición de motivos desta iniciativa cabe sinalar, en primeiro lugar, que existe unha diferenciación entre os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e con ánimo de lucro, desde diferentes aspectos:

- A cualificación no rexistro. Os requisitos para cualificar a un centro sen e con ánimo de lucro son diferentes, atendendo ao Decreto 200/2005, de 7 de xullo.
- O control efectuado polo propio rexistrado para comprobar o mantemento dos requisitos para ser considerado centro especial de emprego sen ou con ánimo de lucro baséase, por tanto, nun control sobre os citados requisitos iniciais e a súa persistencia en todo momento.
- Nas axudas concedidas a centros especiais de emprego. Existe unha diferenciación no importe das contías subvencionables, sendo maior no caso dos centros especiais sen ánimo de lucro.
- A lei integral de impulso de economía social que está en trámite a nivel central, aínda non está aprobado. A normativa galega aplica a lexislación en vigor e executa as súas competencias, que inclúa aos centros especiais de emprego na súa totalidade. Non obstante, as axudas e o seguimento da contratación reservada impulsa aos centros sen ánimo de lucro, entendendo que a súa propia condición social require unha maior atención e apoio por parte da administración.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En segundo lugar, desde os centros especiais de emprego, tendo en conta as cifras de anteriores convocatorias, espérase que se produzan este ano 2025, entre 6.000 e 7.000 contratos laborais para as persoas con discapacidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:21:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 12:21:15
Nº Rexistro: 31255
Data envío: 18/08/2025 12:21:15.400

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 23952**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Lara Méndez López e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego ante a sentenza que anula parte do proxecto para unha liña eléctrica que atravesaría a contorna do castro Lupario, en Rois, e o Camiño Portugués"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, como non pode ser doutro xeito, respecta as decisións xudiciais.

A LAT 220 kV DC Lousame-Tibo forma parte do eixo 220 kV Mazaricos-Lousame-Tibo, e está incluída na Planificación da Rede de Transporte. Esta instalación xustifícase na necesidade de reforzar o mallado da rede de transporte de enerxía eléctrica interior de Galicia, así como de posibilitar a evacuación de enerxía renovable.

Trátase dunha liña que conta con Declaración de Impacto Ambiental favorable desde o 22/02/2017, que responde á avaliación ambiental máis garantista, así como con autorización administrativa previa desde ese mesmo ano, e de construción desde o 04/08/2022.

Na tramitación da autorización e da declaración de utilidade pública do proxecto, tras as alegacións do Concello de Rois, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu informe con data 22/02/2022 do que se desprende a desestimación das pretensións formuladas, ao concluír, de xeito literal, o seguinte: *"[...] non está fundamentada a existencia de valores culturais senlleiros e sobranceiro que xustifiquen a existencia dunha paisaxe cultural singular merecente de protección na devandita categoría. En canto aos elementos individuais integrantes do patrimonio cultural, moitos deles xa protexidos de forma específica, non se aprecian valores ou feitos que poidan modificar a avaliación ambiental realizada nin xustificar de forma suficiente a modificación da Declaración de Impacto Ambiental aprobada, xa que ningún deles se vai ver afectado directamente e as medidas de salvagarda adoptadas para os inicialmente coñecidos estendidas aos novos propostos poden considerarse suficientes"*.

Finalmente, o 04.08.2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo de outorgar a autorización a autorización administrativa de construción e declarar a utilidade pública, en concreto, e a compatibilidade co dereito mineiro correspondente a un perímetro de protección dos mananciais das augas mineiro-medicinais e termais en Caldas de Reis, e a prevalencia sobre varios montes veciñais en man común, da infraestrutura de transporte de enerxía eléctrica denominada "LAT 220 kV DC Lousame-Tibo" (DOG nº 164, do 30.08.2022).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





É dicir, unicamente autorizouse a liña unha vez acreditada a súa viabilidade técnica e ambiental.

En calquera caso, a sentenza non é firme, polo que, no caso de confirmarse a casación por parte do Tribunal Supremo, valoraranse as actuacións a realizar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:29:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31453
Data envío: 18/08/2025 19:29:13.779

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 23986**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"as previsións orzamentarias que ten o Goberno galego para 2026 en relación coa incorporación de psicólogos/as clínicos á atención sanitaria primaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde en resposta á pregunta oral con número de rexistro 18346, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrado o día 22 de maio de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/8LHp4D42NswJJEPVdApg7LFSzpp7ZzU7Upe0oFChFKMUK5XZ>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:28:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31447
Data envío: 18/08/2025 19:28:35.034

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24115**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego en relación co anunciado proxecto de construción dunha senda peonil na estrada PO-352 entre Camposancos e A Guarda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantén un compromiso firme coa mobilidade sustentable e activa e ten en marcha o novo Plan de Sendas que permitirá a execución de máis de 120 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas nas estradas autonómicas ata o vindeiro 2027, con case 70 millóns de euros previstos de investimento.

Unha das novas comarcas nas que se prevé actuar é a do Baixo Miño, onde se recollen actuacións prioritarias, como a mencionada da estrada PO-352, dende o punto de vista da necesidade, da funcionalidade e da viabilidade das actuacións.

A senda discorrería ao redor do monte Santa Tegra aproveitando a traza da PO-352 ao longo duns tres kilómetros, conectando A Guarda con Camposancos e a zona de praias, así como a zona deportiva da Sangriña, cun investimento previsto de máis dun millón de euros.

O proxecto de trazado foi entregado está a ser revisado de cara ao seu sometemento a información pública a efectos expropiatorios e de Lei de Estradas, co obxectivo de que a súa construción se poida impulsar no 2026.

Con esta aposta, a Xunta de Galicia incorpora esta comarca na Estratexia Galega de Mobilidade, que resultou recoñecida nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria 2024.

A través deste tipo de actuacións, financiadas con fondos FEDER 2021/2027, a Xunta continúa co traballo levado a cabo nos últimos anos coas sendas, grazas ás que se reduce tráfico e emisión, se promove o exercicio físico e se mellora a seguridade viaria, aportando valor recreativo e turístico ás comarcas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:28:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31443
Data envío: 18/08/2025 19:28:09.912

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24219**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro sobre **"o nivel de execución dos programas orzamentarios relativos ás políticas activas de emprego, concretamente no que atinxe ao fomento da empregabilidade, e as previsións ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

" A contabilidade do ano 2024 dos programas de gastos 322A, 323A e 323B dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia rexistra unha execución moi superior ás porcentaxes que se recollen na pregunta (entre o 41,5% e o 46,6%).

A media de execución en 2024 dos programas mencionados achégase ao 80%. Parece probable que a cifra que se menciona na pregunta responda a un cálculo erróneo. A porcentaxe acádase poñendo en relación os compromisos de crédito, a 31 de decembro co crédito vixente, formado este último polo crédito inicial e máis as modificacións de crédito posteriores e que, polo tanto, inclúe as incorporacións de crédito realizadas para amparar os compromisos pendentes de pago a 31 de decembro do exercicio anterior.

Un hipotético cálculo que puxese en relación os pagos realizados respecto do crédito vixente non sería correcto pola falta de homoxeneidade entre as cifras que se poñen en relación por incluír o denominador cantidades duplicadas (un importe que queda en saldo D a 31 de decembro computa, polo menos, en dous exercicios orzamentarios, mentres que o pago unicamente se vai computar como tal no exercicio no que se realiza o pago efectivo).

Adicionalmente, cabe facer constar que a existencia dunha porcentaxe dos créditos orzamentarios que non acada a fase D a 31 de decembro, non implica que eses créditos non fosen empregados. Como consecuencia de múltiples factores como son a insuficiente concorrencia de potenciais beneficiarios ou licitadores nas medidas de formación e orientación laboral, as renuncias a subvencións concedidas ou os reaxustes de créditos por demoras na execución por parte dos beneficiarios, as correspondentes cantidades ben non acadan a fase D ou ben esta é anulada nalgún momento do exercicio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Un achegamento a esta circunstancia pode ser a porcentaxe de créditos autorizados sobre o crédito vixente a 30 de decembro de 2024, un día antes da data de peche do exercicio e que, polo tanto, non incorpora aínda as anulacións automáticas dos saldos de autorización que se realizan con data 31 de decembro, como parte das operacións contables de peche do exercicio.

Esta cifra acada o 89,32% de execución na área de emprego, e aínda habería que ter en conta que, en moitos casos, a fase A foi anulada ao longo do exercicio antes do 30 de decembro, polo que a porcentaxe real de utilización dos fondos é superior”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31440
Data envío: 18/08/2025 19:16:16.735

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:16:16

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24224**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro sobre **"o nivel de execución do programa orzamentario 323A, relativo á formación profesional para desempregados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

" A contabilidade do ano 2024 dos programas de gastos 322A, 323A e 323B dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia rexistra unha execución moi superior ás porcentaxes que se recollen na pregunta (entre o 41,5% e o 46,6%).

A media de execución en 2024 dos programas mencionados achégase ao 80%. Parece probable que a cifra que se menciona na pregunta responda a un cálculo erróneo. A porcentaxe acádase poñendo en relación os compromisos de crédito, a 31 de decembro co crédito vixente, formado este último polo crédito inicial e máis as modificacións de crédito posteriores e que, polo tanto, inclúe as incorporacións de crédito realizadas para amparar os compromisos pendentes de pago a 31 de decembro do exercicio anterior.

Un hipotético cálculo que puxese en relación os pagos realizados respecto do crédito vixente non sería correcto pola falta de homoxeneidade entre as cifras que se poñen en relación por incluír o denominador cantidades duplicadas (un importe que queda en saldo D a 31 de decembro computa, polo menos, en dous exercicios orzamentarios, mentres que o pago unicamente se vai computar como tal no exercicio no que se realiza o pago efectivo).

Adicionalmente, cabe facer constar que a existencia dunha porcentaxe dos créditos orzamentarios que non acada a fase D a 31 de decembro, non implica que eses créditos non fosen empregados. Como consecuencia de múltiples factores como son a insuficiente concorrencia de potenciais beneficiarios ou licitadores nas medidas de formación e orientación laboral, as renuncias a subvencións concedidas ou os reaxustes de créditos por demoras na execución por parte dos beneficiarios, as correspondentes cantidades ben non acadan a fase D ou ben esta é anulada nalgún momento do exercicio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Un achegamento a esta circunstancia pode ser a porcentaxe de créditos autorizados sobre o crédito vixente a 30 de decembro de 2024, un día antes da data de peche do exercicio e que, polo tanto, non incorpora aínda as anulacións automáticas dos saldos de autorización que se realizan con data 31 de decembro, como parte das operacións contables de peche do exercicio.

Esta cifra acada o 89,32% de execución na área de emprego, e aínda habería que ter en conta que, en moitos casos, a fase A foi anulada ao longo do exercicio antes do 30 de decembro, polo que a porcentaxe real de utilización dos fondos é superior.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:16:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31438
Data envío: 18/08/2025 19:16:03,759

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24229**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o nivel de execución do programa orzamentario 323B, relativo á formación profesional para ocupados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A contabilidade do ano 2024 dos programas de gastos 322A, 323A e 323B dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia rexistra unha execución moi superior ás porcentaxes que se recollen na pregunta (entre o 41,5% e o 46,6%).

A media de execución en 2024 dos programas mencionados achégase ao 80%. Parece probable que a cifra que se menciona na pregunta responda a un cálculo erróneo. A porcentaxe acádase poñendo en relación os compromisos de crédito, a 31 de decembro co crédito vixente, formado este último polo crédito inicial e máis as modificacións de crédito posteriores e que, polo tanto, inclúe as incorporacións de crédito realizadas para amparar os compromisos pendentes de pago a 31 de decembro do exercicio anterior.

Un hipotético cálculo que puxese en relación os pagos realizados respecto do crédito vixente non sería correcto pola falta de homoxeneidade entre as cifras que se poñen en relación por incluír o denominador cantidades duplicadas (un importe que queda en saldo D a 31 de decembro computa, polo menos, en dous exercicios orzamentarios, mentres que o pago unicamente se vai computar como tal no exercicio no que se realiza o pago efectivo).

Adicionalmente, cabe facer constar que a existencia dunha porcentaxe dos créditos orzamentarios que non acada a fase D a 31 de decembro, non implica que eses créditos non fosen empregados. Como consecuencia de múltiples factores como son a insuficiente concorrencia de potenciais beneficiarios ou licitadores nas medidas de formación e orientación laboral, as renuncias a subvencións concedidas ou os reaxustes de créditos por demoras na execución por parte dos beneficiarios, as correspondentes cantidades ben non acadan a fase D ou ben esta é anulada nalgún momento do exercicio.

Un achegamento a esta circunstancia pode ser a porcentaxe de créditos autorizados sobre o crédito vixente a 30 de decembro de 2024, un día antes da data de peche do exercicio e que, polo tanto, non incorpora aínda as anulacións automáticas dos saldos de autorización que se realizan con data 31 de decembro, como parte das operacións contables de peche do exercicio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Esta cifra acada o 89,32% de execución na área de emprego, e aínda habería que ter en conta que, en moitos casos, a fase A foi anulada ao longo do exercicio antes do 30 de decembro, polo que a porcentaxe real de utilización dos fondos é superior.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31436
Data envío: 18/08/2025 19:15:51.515

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:15:51

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24270**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego no que atinxe á coordinación da investigación sobre o medio mariño e a produtividade das rías galegas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 20 de maio de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 24272, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=YWM0ODZiNTEtNTE3MS00MTk0LTkxNjAtY2IzYjQ5MjM0NThh&start=5905.974](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM0ODZiNTEtNTE3MS00MTk0LTkxNjAtY2IzYjQ5MjM0NThh&start=5905.974)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a política do Goberno galego en materia de investigación do medio mariño e a eventual creación dunha comisión que coordine o traballo dos diferentes centros de estudo nesta materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:56:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 13:56:51
Nº Rexistro: 31903
Data envío: 21/08/2025 13:56:51.468

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24276**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a eventual inclusión do Decreto 15/2011, polo que se regulan as artes e os equipamentos para a extracción de recursos mariños vivos, dentro da reforma normativa pesqueira que anunciou o Goberno galego en 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de xullo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 24275, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LWl1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=5430](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LWl1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=5430)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a inclusión do Decreto 15/2011 dentro da reforma normativa pesqueira anunciada en 2024 e as previsións, modificacións e consultas da Xunta de Galicia respecto da devandita reforma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 13:56:40
Nº Rexistro: 31901
Data envío: 21/08/2025 13:56:40.214

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24292**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto das actuacións necesarias para garantir o abastecemento de auga potable en Noia en caso de avarías"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático acordou colaborar co Concello de Noia para mellorar o seu sistema de abastecemento coa contratación dun servizo de apoio técnico no proceso de redacción do proxecto construtivo da obra de mellora. Augas de Galicia estudou os problemas da rede de abastecemento en alta do termo municipal e preparou un estudo con distintas alternativas de actuación. No marco desta colaboración, estableceuse mellorar o tratamento de auga potable, como actuación prioritaria para o que se redactou o proxecto que se ten licitado e contratado.

As melloras incluídas no proxecto contribuirán a optimizar o comportamento da planta, ao tempo que habrá unha maior garantía do subministro.

Augas de Galicia, polo tanto, está a colaborar co Concello de Noia no exercicio das súas competencias no desenvolvemento dunha actuación concreta para mellorar o seu sistema de abastecemento, sen prexuízo de que se poida seguir prestando axuda noutras actuacións para seguir a mellorar o seu sistema de abastecemento.

É preciso lembrar que as competencias en materia de abastecemento son estritamente municipais e así está reflectido nos textos lexislativos reguladores do réxime local e da normativa sectorial en materia de augas como son a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e a Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31433
Data envío: 18/08/2025 19:15:32.486

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:15:32

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24364**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García, don Ramón Fernández Alfonzo e don Brais Ruanova Vilas- Boas, sobre **"a postura do Goberno galego ante a eventual achega de capital propio nunha posible intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está plenamente comprometida co mantemento da actividade e do emprego industrial no Complexo Industrial de Alcoa en San Cibrao, e así o vén amosando desde o inicio deste momento complexo no que se atopa, derivado principalmente do elevado custo da electricidade en España, especialmente para as empresas con grandes consumos (electrointensivas), que non tiveron suficiente apoio por parte do Goberno central, obviando a importancia destas industrias e do emprego que xeran.

Co fin de apoiar o dito mantemento da actividade, a Xunta de Galicia desenvolveu diversas accións, entre as que se atopan a finalización da tramitación de todos os parques eólicos cuxa tramitación correspondía á Xunta de Galicia e que poden dar servizo a Alcoa, así como a concesión da autorización do aumento da cota da balsa de lodos vermellos, necesaria para o futuro da planta, tamén foi xa tramitada e autorizada.

Ademais, a Xunta de Galicia de forma reiterada demandou ao Estado diversas medidas, entre as que se atopan a finalización da tramitación dos parques de competencia estatal proxectados para dar servizo a Alcoa (algúns deles perderon o permiso de acceso e conexión por retrasos na súa tramitación), a modificación do Estatuto dos consumidores electrointensivos para crear a figura das empresas hiperelectrointensivas e o deseño mecanismos de apoio específicos ou reforzados que atendan ás necesidades especiais desta figura, entre outras cuestións.

Todas estas medidas buscan crear un entorno no que a produción de alumina e de aluminio poida facerse de forma competitiva en España, e así se garanta a continuidade do Complexo. E, para o caso de que todas as medidas non fosen suficientes, co fin de garantir a continuidade da actividade e o mantemento do emprego en San Cibrao, xa se ten trasladado en diferentes ocasións que, de ser o caso, se apoiaría a activación dunha intervención pública temporal e instrumental, buscando unha solución transitoria ata que se puidese garantir a continuidade da actividade industrial por parte doutro operador privado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Con respecto ao Memorándum de Entendemento, xa se ten trasladado publicamente que este documento recolle o interese das partes en colaborar xunto cos traballadores da planta para lograr a estabilidade das operacións, dando prioridade á reactivación das instalacións de aluminio.

Ademais, inclúe o obxectivo de axilizar as autorizacións de proxectos de enerxía renovables para lograr custos enerxéticos competitivos, establecéndose como prioritario aumentar as axudas ás emisións de CO2.

Por outra parte, o documento establece igualmente que a Xunta e o Goberno de España impulsarán as medidas necesarias para axilizar a autorización e posta en marcha dos proxectos de zonas de almacenamento de residuos que Alcoa está a promover no complexo industrial, que son necesarias para apoiar a continuidade da súa operación, no ámbito das súas respectivas competencias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:26:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31564
Data envío: 19/08/2025 16:26:21.652

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24373**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Ramón Fernández Alfonzo e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"os mecanismos que a Xunta de Galicia está a desenvolver para protexer a economía galega fronte á nova política arancelaria estadounidense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está plenamente comprometido coa defensa dos intereses do tecido produtivo da Comunidade fronte ao novo escenario internacional provocado pola imposición de aranceis por parte dos Estados Unidos. A resposta articulada ante esta situación combina medidas de carácter financeiro, asesoramento técnico e apoio á diversificación dos mercados.

No eido do apoio directo, o Igape vén de activar unha nova liña de préstamos con condicións moi favorables —ata 1 millón de euros, con 12 anos de prazo e catro de carencia— destinada a financiar o capital circulante das empresas máis expostas ao mercado estadounidense. Esta ferramenta pretende ofrecerlles marxe de manobra para adaptarse e redirixir as súas estratexias cara a novos mercados.

Trátase dunha liña flexible e áxil que responde ás demandas expresadas polo propio sector en encontros celebrados co Goberno galego durante os meses de abril e maio deste ano; e unha liña que se enmarca nun plan de acción integral estruturado en tres piares fundamentais:

1. Diálogo continuo co tecido produtivo, a través de encontros sectoriais coas principais organizacións afectadas (metal, agroalimentario, naval, biotecnoloxía, TIC, etc.) e en coordinación coa antena do Igape en Miami.
2. Servizos de consultoría internacional especializada, no ámbito da diversificación internacional, a través do programa Reacciona. A Xunta de Galicia lanzará un novo servizo de consultoría especializada en internacionalización. Este servizo acompañará ás empresas na redefinición da súa estratexia exterior e na exploración de mercados emerxentes ou menos expostos aos aranceis, reforzando a súa capacidade de adaptación e resiliencia.
3. Creación dun punto de apoio técnico específico, unha oficina de asesoramento técnico, dependente da Oficina Económica de Galicia, que manterá contacto directo coa antena do Igape en Miami. Esta oficina presta servizos e atención personalizada, e seguimento continuo ás empresas afectadas, canalizando información, solucións operativas e asesoramento normativo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En definitiva, a Xunta de Galicia está a aplicar unha estratexia proactiva e anticipatoria, que combina apoios financeiros directos, reforzo institucional á internacionalización, e contacto estreito coas empresas, reforzando a súa capacidade para superar esta conxuntura e seguir avanzando nun modelo produtivo aberto, competitivo e sostible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:22:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31563
Data envío: 19/08/2025 16:22:39.434

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24403**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo do incremento dos orzamentos destinados á mellora da seguranza viaria da estrada AC-173, singularmente na zona do Couto, concello de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Os plans para a mellora da seguridade viaria son unha prioridade absoluta para o Goberno Galego, e abranguen unha multiplicidade de ámbitos.

Pola estrada AC-173, que discorre polo Concello de Oleiros entre Santa Cruz e Mera, circulan diariamente unha media de entre 3600 e 5300 vehículos. Así mesmo esta estrada xa foi froito de acometidas ao longo dos últimos anos entre as que destacan:

Unha rehabilitación superficial do firme, no último km da AC-173, durante o ano 2013 por 0,67 M€.

Acometeuse a rehabilitación do firme mediante reparacións localizadas con fresado e reposición en 7 km da AC-173 no 2016, cun investimento aproximado de 0,25 M€.

Un ano antes, no 2015, levouse a cabo unha reposición de firme e a extensión de microaglomerado nuns 4 km da AC-173 ao seu paso por Oleiros.

O Concello de Oleiros é un titular case que maioritario da AC-173, xa que os primeiros 4km lle foran transferidos en 2017; cuxa acta de entrega foi asinada con data de 11/10/2017. Así como unha franxa de dominio público viario na marxe dereita da AC-173, PP.QQ. 6+680 ao 6+930, tamén lle foi transferida ao concello de Oleiros .

Dende 2021, a Axencia Galega de Infraestruturas recibiu numerosas solicitudes para a disposición dun paso peonil á altura do P.Q. 5+260 na estrada AC-173.

O servizo Provincial da AXI en Coruña analizou unha petición que fixera o Concello e informouna desfavorablemente, por non cumprirse os requisitos técnicos necesarios para a sinalización do paso, xa que a normativa indica que para colocar un paso, este debe situarse nun treito urbano; cunha velocidade de 50km/h e a liña do eixo continua, sen adiantamento; con beirarrúa; e restrición de aparcamento 10 metros antes do paso de peóns.

A Xunta ofreceu ao Concello de Oleiros asumir a titularidade do tramo de dous quilómetros da AC-173 dende Santa Cruz ata Arillo, mellorando previamente a vía cun investimento de 0,31 M€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O proxecto, do que se encargaría a Xunta, incluía a renovación da sinalización horizontal e bandas transversais de alerta previas ao paso de peóns, así como elementos redutores de velocidade (como o son os chamados lombos de asno) máis unha nova capa de rodadura no tramo.

O Concello de Oleiros rexeitou unilateralmente este proxecto que se lle propuxo para actuar nun problema que eles pretendían resolver cunha solución que podería ofrecer unha falsa seguridade e crear posibles situacións de risco.

A Xunta avoga por axudar aos usuarios das vías de titularidade autonómica en todos os seus aspectos, dende uns firmes axeitados para os vehículos, ata a creación de beiravías e outras disposicións seguras para os peóns.

Para superar calquera situación de risco, precísase da máis estreita das colaboracións entre administracións, e non que unha actúe de forma unilateral e imprevisible como o Concello de Oleiros.

Así mesmo adxuntamos enlace onde consultar a resposta dada na Comisión 2º do pasado día 19 de xuño referente ao mesmo asunto:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Njc2NWU3NjUtZTBlyLTlMjEtOWRhMzRhOTQzMDE2&start=3109>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:20:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:20:48
Nº Rexistro: 31771
Data envío: 20/08/2025 12:20:48,291

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24419**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as previsións que a Xunta de Galicia ten de financiar a instalación de beirarrúas e carrís bici que melloren a seguranza peonil e ciclista no concello de Oleiros, situado na provincia da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Axencia Galega de Infraestruturas demostra o seu compromiso cada ano na búsqueda de espazos seguros e axeitados para todos os usuarios das nosas vías. Así, a Estratexia Galega de Mobilidade conta cun obxectivo aspiracional que consiste en transformar o modelo de mobilidade en Galicia para pasar a un máis funcional, máis sostible ambiental e economicamente e máis seguro, apoiándose para iso na innovación tecnolóxica.

De feito o Plan de Sendas de Galicia é un dos instrumentos cos que o Goberno galego conta para dotar de sendas seguras para peóns e ciclistas.

O Concello de Oleiros xa se beneficiou de 2000 m de sendas peonís nos últimos anos, cunha inversión total de 1 M€.

Ademais, estase a traballar nunha nova fase do Plan de sendas de Galicia, na que se inclúe a comarca da Coruña, e neste marco levaranse adiante os treitos de senda máis prioritarios dende o punto de vista técnico, tamén no Concello de Oleiros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:20:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:20:35
Nº Rexistro: 31769
Data envío: 20/08/2025 12:20:35.523

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24462**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de ampliar o proxecto de dragaxe do río Lérez na cidade de Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta lamenta o bloqueo do Goberno central á tramitación da dragaxe do río Lérez dado que se continúa á espera da autorización dos puntos de depósito dos áridos por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco). Nesta liña, o Goberno galego denuncia que esta situación é extensible a 16 obras de dragaxe no litoral sur da comunidade e de xeito sinalado á dragaxe do río Lérez pola decisión trasladada en abril de 2021 de non autorizar máis vertidos no punto E8, no exterior de Sálvora, que supuxo a paralizando a tramitación de todas as dragaxes do sur de Galicia.

O pasado mes de abril Portos de Galicia remitiu ao Miteco o informe técnico definitivo do CEDEX, organismo técnico de recoñecido prestixio dependente do Goberno central, en relación á proposta de puntos de depósito dos áridos procedentes das dragaxes das Rías Baixas, nomeadamente a do Lérez, en Pontevedra. Así, mantén nas súas conclusións o punto E8, situado nas inmediacións da illa de Sálvora, como "alternativa prioritaria". Tamén introducía como novidade nas dragaxes da ría de Pontevedra que poderá "verterse indistintamente na zona D ou na E8" e engade que "sería adecuado propoñer un enfoque individual en cada proxecto".

Un documento que está sustentado no traballo de campo realizado pola comisión integrada por Portos de Galicia, as Autoridades Portuarias do Estado en Galicia e o propio CEDEX ao longo dos últimos catro anos para elaborar o estudo de alternativas solicitado polo MITECO no momento da clausura do punto E8 en 2021. Desde a Administración autonómica recordan que o pasado 24 de xullo celebrouse unha reunión na que participaron representantes do Miteco, Portos do Estado e Portos de Galicia, na que Centro de Estudos de Portos e Costas, dependente do Cedex, presentou o estudo de alternativas realizado sen que se traducira en avances concretos no proceso de autorización, competencia exclusiva do Ministerio.

Neste contexto, a Xunta critica a "inexplicable" desidia do Estado que impide iniciar a tramitación ambiental e posterior licitación das obras de dragaxe do Lérez, que contan cun orzamento de 3 millóns de euros, así como dos 16 paralizados ao sur da ría de Muros. O Goberno galego resalta o prexuízo causado aos intereses do sector portuario da ría de Pontevedra cunha espera de máis de catro anos para que o Ministerio estableza alternativas onde depositar o áridos das dragaxes previstas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:43:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:43:49
Nº Rexistro: 32005
Data envío: 22/08/2025 09:43:49,347

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24500**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"os motivos polos cales a Xunta de Galicia destina soamente 250.000 euros á autoestrada AG-13, ou Vía Ártabra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A prioridade da Xunta de Galicia é retomar o proceso para conexión coa AP-9, e a medio prazo chegar á conexión coa A-6.

A Xunta executou a conexión da Vía Ártabra coa N-VI en Iñás. Esta parte xa executada baseouse, fundamentalmente, en completar o enlace a tres niveis coa N-VI, que quedou preparado para a súa prolongación cara a AP-9.

A Xunta está a traballar no desenvolvemento dun novo trazado (de nome Autovía AG-13 (Vía Ártabra). Treito N-VI-AP-9) nun proxecto que ten en conta o trazado xa executado do anterior proxecto.

Este proxecto, con base no que contaba xa co informe favorable do Ministerio de Transportes para o enlace coa AP-9, incluírá:

Enlace coa AP-9: un enlace en semitrébol, cunha única estrutura.

Redución da afección ambiental á área Húmida de A Gándara.

Optimización do deseño do enlace coa estrada AC-221.

O proceso para continuar coa Vía Ártabra está previsto do seguinte modo: Someterase de novo a información pública o proxecto de trazado do treito entre a N-VI e a AP-9, que contaba xa co informe favorable do Ministerio de Transportes no que se refire á súa conexión coa AP-9. Este proxecto de trazado someterase tamén a avaliación de impacto ambiental.

No momento actual estase a supervisar o proxecto de trazado entregado.

Prevese que tralo verán se inicie a tramitación e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas traballa para poder someter o proxecto de trazado a información pública antes de que remate o ano.

En canto á cantidade que se recolle nos orzamentos da Xunta de Galicia, é a axeitada para o estado actual de desenvolvemento da actuación, e xa se prevé unha consignación plurianual para a execución da obra".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:20:22
Nº Rexistro: 31767
Data envío: 20/08/2025 12:20:22.544

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:20:22

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24507**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as intervencións nos entronques do viario local coa glorieta planificada na intersección da estrada autonómica AC-862 coa AC-115, especialmente no referido á súa deficiente visibilidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas adxudicou por un importe de 341.500 euros as obras de execución dunha glorieta na estrada da AC-862 coa AC-115 en Xuvia, no concello de Neda o pasado 21 de Xuño.

Este contrato, adxudicado á empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, ten o obxectivo de comezar as obras entre finais de xullo e principios de agosto.

A Xunta prevé ter executadas as obras para finais de este ano, ao contar cun prazo de execución de 5 meses e ter realizados os actos expropiatorios necesarios para executar as obras.

O obxectivo da actuación é incrementar a fluidez do tráfico na intersección entre a vía autonómica AC-862 e a AC-115, en Neda, actualmente regulada por semáforos.

Trátase da execución dunha nova glorieta á altura do punto quilométrico 7+280 da estrada AC-862, que terá unha circunferencia de radio 16 metros no anel exterior da calzada, e 8 metros de diámetro no anel interior e permitirá regular a intersección actual dun modo máis funcional e seguro, contribuíndo á redución da velocidade nesa contorna.

A actuación incluírá a continuación dunha beirarrúa accesible ao longo da AC-862, cara á marxe esquerda da estrada autonómica.

A intervención completárase coa obra dunha nova beirarrúa dun ancho mínimo de 1.80 metros, xunto coa conformación dunha zona verde no entroncamento do camiño municipal".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:20:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:20:14
Nº Rexistro: 31766
Data envío: 20/08/2025 12:20:14.791

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24511**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as accións e prazos previstos pola Xunta de Galicia para recuperar a oferta e a calidade da asistencia sanitaria no Centro de Orientación Familiar de Orillamar, no concello da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo xerente do Servizo Galego de Saúde en resposta á pregunta oral con número de rexistro 26361, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 26 de xuño de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/czv22ZtY2bhFxPjUoHM32mRkxo9A297ZFixatP2eZB85zoRu>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:12:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31426
Data envío: 18/08/2025 19:12:20.275

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24560**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre **"a desatención, pola Xunta da Galicia, das necesidades de transporte público dos concellos de Moeche, San Sadurniño e a parroquia de Doso, no concello de Narón, cos centros de ensino comarcais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente consciente do papel do transporte público na realidade dos estudantes en etapas posobrigatorias, xa que este facilita o acceso á educación en termos de igualdade, reducindo custos e incentivando a sostibilidade ambiental.

O Plan de Transporte Público de Galicia busca dar resposta ás necesidades de mobilidade da cidadanía con independencia do seu lugar de residencia. No marco do plan, prevese a posibilidade de que as administracións autonómica e local acorden a implantación de novos servizos ou o incremento dos existentes, coa sinatura de convenios que materialicen a colaboración para establecer servizos de interese municipal, coñecidos como SIMU."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:22:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31560
Data envío: 19/08/2025 16:22:18.631

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24572**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"a valoración que a Xunta de Galicia fai do estado e conservación do espazo Rede Natura 2000 Enseada de San Simón"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Zona Especial de Conservación (ZEC) da Enseada de San Simón conta coa especial atención do Goberno galego para garantir unha adecuada conservación e protección deste espazo natural, ao presentar este unha notable biodiversidade.

A Enseada de San Simón contén 18 tipos de hábitats do anexo 1 da Directiva 92/43/CEE, dos cales 6 correspóndense con hábitats de medio mariño.

Desde o punto de vista da xestión da ZEC, o longo deste ano 2025 e do 2026 está prevista a elaboración e tramitación dos plans de xestión das ZEC da Rede Natura 2000 de Galicia, entre os cales se atopa o relativo á ZEC da Enseada de San Simón.

Estes plans conterán as medidas de xestión específicas con obxectivos concretos para a conservación dos valores que motivaron a designación da ZEC (hábitats de interese comunitario e as especies de interese específicas de cada espazo).

Por outra banda, todas as actividades con posible incidencia no regulado no Plan Director da Rede Natura 2000 en cada ZEC está regulado como actividades permitidas, autorizables ou prohibidas, de maneira que existe unha regulación expresa para tales cuestións.

Así mesmo, todas as actuacións ou programas que poidan ter afeccións significativas sobre a Rede Natura 2000 son sometidas a un procedemento de avaliación ambiental, polo que a integridade dos valores naturais de acordo coa normativa reguladora da rede Natura 2000 están garantidas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31423
Data envío: 18/08/2025 19:11:59.898

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24669**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros deputados e deputadas, sobre **"as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a seguridade da área de hospitalización do edificio Cristal do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 22618, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 9 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/LKxwcXShfSpRYozypHmE4McFukdw7rDZyB59tIHRezEvidvq>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31421
Data envío: 18/08/2025 19:11:45,743

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:45

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24673**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García, don Ramón Fernández Alfonzo e don Oscar Insua Lema, sobre **"a eficacia do lgape na xestión das súas convocatorias de subvencións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente consciente dos retos asociados á xestión dun volume crecente de convocatorias, especialmente nun momento no que, por primeira vez, se puxo en marcha un paquete anticipado de axudas cunha mobilización superior aos 186 millóns de euros.

A concentración en xaneiro de 15 liñas de axuda, ás que se engadiron outras catro durante o primeiro trimestre, responde a unha nova estratexia de planificación que busca facilitar ás empresas unha visión conxunta, anticipada e accesible dos recursos dispoñibles. Esta transformación estrutural do modelo tradicional supuxo un esforzo técnico e organizativo sen precedentes, no que se identificaron tamén aspectos mellorables.

Neste sentido, é certo que se produciron incidencias técnicas no acceso á sede electrónica durante a primeira xornada de apertura das convocatorias. Estas incidencias foron recoñecidas publicamente, comunicadas a través das canles oficiais e motivaron a anulación do proceso e a súa reprogramación, para garantir a igualdade de acceso e a seguridade xurídica.

Cómpre salientar que esta decisión —lonxe de supoñer unha falla de transparencia— constitúe unha mostra de responsabilidade institucional e de protección dos dereitos das empresas solicitantes.

En paralelo, o lgape está a reforzar os mecanismos de trazabilidade e xustificación técnica das convocatorias -en liña coas exigencias da normativa europea-, co obxectivo de garantir o máximo rigor, especialmente no contexto de xestión de fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

No marco desta aposta por mellorar a eficacia administrativa, a Xunta está a avanzar na interoperabilidade das plataformas, no reforzo da atención ás empresas e no desenvolvemento dun novo sistema de xestión integral das axudas que será implantado de maneira progresiva".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:21:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31557
Data envío: 19/08/2025 16:21:59.869

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24763**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Prado Cores e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as posibilidades de incluír na nova licitación do transporte público da Barbanza un servizo de conexión entre os concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está sempre aberta a estudar todas as propostas de mellora dos servizos de autobús interurbano en todas e cada una das concesións do Plan de transporte público de Galicia.

No ámbito da concesión da comarca do Barbanza, o Goberno galego tratou nos últimos anos de reestruturar os servizos para atender as demandas dos usuarios, que implican a necesidade de cambios profundos. Pero, ante a inviabilidade de acometer unha reestruturación cos medios dispoñibles, foi preciso o deseño dun novo contrato que sairá a concurso público.

A nova concesión introducirá os cambios que sexan precisos conforme á análise das necesidades detectadas e ás demandas e propostas das administracións locais e colectivos interesados na mellora do transporte público na comarca do Barbanza."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:21:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31554
Data envío: 19/08/2025 16:21:39.193

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24765**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da colaboración no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta vén colaborando co Concello da Illa de Arousa, executando numerosas obras de saneamento e depuración e, ademais, pese a ser unha competencia local, está a apoiar ao Concello na prestación dos seus servizos desde 2005.

Con respecto á depuradora, na Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, declarouse de interese xeral do Estado a "depuración e saneamento da Illa de Arousa". Por elo, a partires deste momento a execución dunha nova depuradora pasou a ser unha responsabilidade estatal.

En todo caso, para paliar o escaso interese do Estado para investir en Galicia, no 2020 a Xunta formulou un borrador de protocolo entre as dúas administracións para a execución de varias obras, entre as que se atopaba o saneamento e depuración na Illa.

Tratábase de que o Estado puxera a disposición de Galicia máis fondos do treito estatal de fondos europeos, que non estaban programados para outras actuacións, e que poderían perderse; que Augas de Galicia cofinanciara as actuacións do Estado cos seus fondos propios; e que os concellos achegaran o 20% do cofinanciamento, tal e como Augas de Galicia (e outras administracións) está propoñendo nos seus convenios, atendendo a que o saneamento e a depuración son competencia municipal. Ademais, o feito de que as obras foran executadas por Acuaes permitía aos concellos acollerse a un financiamento mediante tarifas a medio prazo. Sen embargo, este esquema non foi aceptado polo Estado.

A pesares do anterior, Augas de Galicia continuou traballando para mellorar o sistema de saneamento da Illa. En 2022 finalizou un proxecto que resulta imprescindible para que o saneamento do concello mellore, evitando alivios directos á Ría. En diversas reunións co Concello propúxoselles a colaboración para executar este proxecto, pero a colaboración foi rexeitada pola Administración local. Queda, polo tanto, acreditado que desde Augas de Galicia, e dentro das súas competencias, sempre houbo unha clara vontade de colaborar tanto co Concello como co Estado para a mellora do saneamento da Illa.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





É preciso destacar, ademais, que a Xunta adxudicou o pasado mes de xuño por preto de 3,5 millóns de euros, IVE incluído, o contrato para a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) de Tragove (Cambados), A Illa de Arousa, Meaño e Ribadumia, infraestruturas de tratamento que xestiona Augas de Galicia desde hai varios anos.

Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, celebrada o pasado 5 de febreiro de 2025, polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, en resposta á POC 16803.

Enlace ao vídeo da sesión da comisión celebrada o pasado 5 de febreiro:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTUwZTIwZTYtMjc5MC00M2UxLTlhNDEtZDBiNGMwYzVmYTdj&start=124>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31417
Data envío: 18/08/2025 19:11:18.466

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:18

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24781**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"o grao de cumprimento do compromiso adquirido polo Goberno galego en materia de vivenda para os cen primeiros días de lexislatura"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Entre o 13/04/2024 e o 22/07/2024 licitáronse as obras de construción de 146 vivendas de promoción pública nos concellos da Coruña e Vigo e adxudicáronse os contratos de construción de 152 vivendas de promoción pública nos concellos de Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo.

Nos mesmo período adxudicouse a redacción dos proxectos e dirección de obra para a construción de 100 vivendas de promoción pública nos concellos de Ferrol e Lugo.

En total, no período indicado, entre abril e xullo de 2024, foron 398 as vivendas con obra licitada ou adxudicada ou con redacción de proxecto adxudicado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31415
Data envío: 18/08/2025 19:10:48,405

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:10:47

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24787**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e outros deputados e deputadas, sobre **"o criterio da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de realizar un estudo para a mellora da seguridade viaria da PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 en Vilasobroso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada autonómica PO-262 une Vilasobroso (N-120) co centro urbano de Mondariz. Conta cunha lonxitude de 3,75 quilómetros, e no ano 2023 rexistrou un tráfico de 2.053 vehículos ao día, dos que 86 eran vehículos pesados. A media de tráfico das estradas autonómicas en Pontevedra en 2023 foi de 4.721 vehículos ao día.

A Xunta de Galicia programa as súas actuacións en materia de conservación extraordinaria, seguridade viaria e mobilidade sostible en base a criterios obxectivos. En canto á seguridade viaria, a súa prioridade son as actuacións nos treitos que rexistran unha maior sinistralidade de acordo cos datos achegados pola Dirección Xeral de Tráfico. Con estes datos identifícanse os treitos de concentración de accidentes (TCAs) e Treitos de Alto Potencial de Mellora (TAPMs), e sobre eles realízanse propostas de mellora da seguridade viaria. Non se rexistra na PO-262 ningún treito de concentración de accidentes nin ningún treito de alto potencial de mellora. En canto á mobilidade peonil, estamos a iniciar a redacción dos proxectos correspondentes á nova fase do Plan de Sendas de Galicia, sendo unha das comarcas nas que se actuará a do Condado, polo que se considerará actuar nesta estrada e outras da comarca para a implantación de novas sendas peonís."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31414
Data envío: 18/08/2025 19:10:40,937

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:10:40

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24840**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"o presunto caso de racismo sufrido o 11 de abril por un grupo de refuxiados malianos na súa viaxe de regreso desde a Fundación Laboral da Construción de Vilamarín ao seu lugar de residencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Tras coñecer o acontecido ao que se fai referencia na iniciativa, o Goberno galego pediu as explicacións oportunas á empresa de transporte e coñecer as medidas que se ían tomar. A empresa confirmou que como medida inicial ía abrir expediente ao traballador para esclarecer os feitos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:06:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31412
Data envío: 18/08/2025 19:06:10.134

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24844**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros deputados e deputadas, sobre **"as actuacións do Goberno galego a partir do apagamento eléctrico do 28 de abril, tanto as relativas ao coñecemento das súas causas como ás previstas ante unha eventual repetición deste suceso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego requiriu información ao respecto ao Goberno central e deseñou unha trintena de medidas para asegurar o mantemento dos servizos básicos se volvease repetirse unha situación deste tipo.

Esta batería de medidas permitirá dispoñer de protocolos específicos para este tipo de alertas nos ámbitos escolar e asistencial, mellorar a autonomía enerxética e potenciar a interconexión dos diferentes servizos de seguridade e emerxencia, ademais de reforzar o uso de comunicacións vía satélite. Nesta liña, entre outras cuestións, incídese na demanda ao Goberno central para a recuperación da presenza estable da Unidade Militar de Emerxencias en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
18/08/2025 19:06:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:06:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31411
Data envío: 18/08/2025 19:06:03,256

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24920**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á mellora da seguridade viaria da estrada PO-404 ao seu paso polo concello de Tui"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A mellora da seguridade viaria e, especialmente, para os usuarios máis vulnerables da estrada como é o caso dos peóns, é unha prioridade para a Xunta de Galicia, como o demostran os case 300 quilómetros de novos itinerarios peonís e ciclistas seguros materializados nos últimos anos. Ademais, tense actuado tamén nos puntos máis necesarios para mellora da seguridade viaria das estradas autonómicas, de acordo cos datos de sinistralidade rexistrados pola DGT.

De acordo co principio de eficacia no gasto público, priorízanse as actuacións máis viables e con maior demanda e necesidade, de acordo con criterios técnicos que se recollen nos distintos documentos do Plan de Sendas.

Nos últimos anos tense actuado de modo moi importante no concello de Tui, con actuacións como a mellora da intersección de Guillarei, ou da intersección da PO-552 coa PO-350 en Areas.

Na programación da AXI está actuar nos vindeiros anos para estender a lonxitude de sendas nas estradas autonómicas, e entre outras estase a avaliar a execución de sendas na estrada PO-404."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31405
Data envío: 18/08/2025 19:05:24.950

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24929**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de creación dun consorcio metropolitano de transporte na área da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Para promover o uso do transporte público nas contornas das cidades, a Xunta de Galicia impulsou desde 2011 as áreas de transporte metropolitano. A primeira destas liñas de colaboración en activarse foi a ATM da Coruña.

Tendo en conta que as competencias en transporte público metropolitano corresponden á Administración autonómica, mediante os convenios das ATM, ademais de activar un esquema de tarifas bonificado para as persoas usuarias, establécense ferramentas de coordinación estable cos concellos do ámbito, que permiten impulsar outras actuacións de mellora da mobilidade e accesibilidade do transporte público.

Neste sentido, o convenio da ATM da Coruña vixente prevé, ademais da aplicación dun sistema tarifario único e bonificado, distintas posibilidades para garantir o mantemento dunha oferta de servizos adecuada ás necesidades da área, así como a integración das distintas redes de transporte público, tanto urbanas como periurbanas.

Deste xeito, establécense mecanismos para a intensificación da oferta de servizos nos ámbitos municipal e metropolitano e asegúrase a coordinación e a conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público, o cal beneficia a calidade de todo o transporte público na área.

En canto á mellora da oferta de servizos, o Goberno galego recibe de maneira continua aos municipios co obxectivo de escoitar e estudar as súas necesidades e avaliar posibles melloras, sempre atendendo a criterios técnicos e obxectivos.

Na ATM de Coruña funcionan máis de 400 liñas e 450.000 servizos ao ano, que representan máis do 30% do total das cinco ATM da comunidade. Coa oferta de servizos vixente, o autobús interurbano facilita os desprazamentos á cidade en transporte colectivo desde toda a contorna metropolitana e tamén a conexión co resto da comunidade. En 2024 movéronse no transporte metropolitano autonómico na área da Coruña máis de 8,6 millóns de viaxeiros, un 11 % máis que en 2023 e preto da metade do total de viaxeiros das cinco ATM.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Na situación actual, a ATM da Coruña, unha iniciativa de colaboración asinada por 17 concellos con máis dunha década de implantación, xa fai realidade a coordinación e o incremento de servizos na contorna metropolitana da Coruña, polo que o modelo actual xa facilita a mobilidade en transporte público e a colaboración entre administracións sen necesidade de crear un novo organismo.

Polo tanto, non corresponde crear un novo ente administrativo que substitúa a ATM da Coruña. Ademais, a fórmula dun consorcio non ten encaixe no Plan de Transporte Público de Galicia, mediante o que se establece a ordenación do transporte público autonómico e a coordinación do conxunto de servizos que se desenvolven na comunidade. Tampouco encaixa co mandato do Parlamento de Galicia de levar a cabo medidas como a implantación dunha área de transporte única, en liña coa 11ª resolución aprobada na súa sesión do día 9 de outubro de 2018, no marco do debate anual de política xeral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31404
Data envío: 18/08/2025 19:05:18.955

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24984**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Noa Presas Bergantiños e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as xestións realizadas polo Goberno galego no que concirne á ampliación da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A creación de dúas seccións de violencia sobre a muller, un na Coruña e outro en Vigo, é unha boa noticia para a Xustiza en Galicia, pero o Goberno galego non comparte que sexa a costa da transformación dunha sección de instrución. E a este respecto xa ten indicado que a creación de novas unidades xudiciais non debe facerse a costa dos de instrución e que a preferencia é que se constituía xulgados especializados de violencia en cada cidade.

En canto á creación de dúas novas seccións de violencia sobre a muller en Santiago de Compostela e Ourense comarcalizados, a Administración autonómica xa manifestou a súa opinión de que sería mellor que o seu ámbito territorial fose o propio do seu partido xudicial.

O Goberno galego leva anos anos reclamando co TSXG a creación deste xulgado en Santiago e, de forma progresiva, no resto das cidades, salvo A Coruña e Vigo que xa o teñen".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:16:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:16:42
Nº Rexistro: 31763
Data envío: 20/08/2025 12:16:42.486

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25099**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"as características e condicións da subvención anunciada polo presidente da Xunta de Galicia á rehabilitación de vivendas baleiras que se destinen ao alugamento"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O programa Fogar Vivo ten como finalidade a posta no mercado de alugamento do meirande número posible de vivendas de titularidade privada a través dunha renda accesible, así como a simplificación e axilización do procedemento de incorporación das vivendas.

Con este programa ponse en marcha unha das medidas previstas para a lexislatura 2024-2028, que foi anunciada o pasado 23 abril de 2025 polo Presidente da Xunta de Galicia no debate de Estado da Autonomía, dirixida a mellorar o acceso e a rehabilitación de vivendas.

As liñas básicas deste programa foron validadas na Sección de intermediación e financiamento do Observatorio de Vivenda de Galicia que tivo lugar o 25 de abril de 2025, e na que estaban representados os concellos de Galicia por medio da Fegamp; os axentes da propiedade inmobiliaria por medio do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria; as inmobiliarias de Galicia a través da Asociación Galega de Inmobiliarias; o Consello Galego de Arquitectura Técnica, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Federación de Promotores de Galicia e a Asociación Provivenda.

Para consultar as seccións dispoñibles, así como os requisitos que deben de cumprir adxuntamos a resolución do 3 de xullo de 2025 pola que se regula o programa Fogar Vivo, e se establecen as bases reguladoras das súas axudas (código de procedemento VI426F), se regula o procedemento para obter a condición de concello colaborador (código procedemento VI426G), se establece o réxime transitorio dos programas de mobilización de vivendas para alugamento e se procede á convocatoria das axudas do programa Fogar Vivo para o ano 2025, con financiamento plurianual:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250710/AnuncioC3Q2-040725-0002_gl.html".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:16:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:16:29
Nº Rexistro: 31761
Data envío: 20/08/2025 12:16:29.735

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25114**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a eventual posta en marcha dun plan integral para a promoción e o fortalecemento do comercio de proximidade galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta con máis de 24.000 comercios polo miúdo, situándose na quinta posición de España entre as comunidades con maior número de establecementos de comercio polo miúdo. Trátase dun sector que conta con máis de 107.000 postos de traballo na nosa Comunidade.

Estes datos dan conta da importancia que ten o comercio polo miúdo para vertebrar e compactar as nosas vilas e cidades. Unha cidade ou vila con comercio presenta unha vida vibrante, activa e prestada á interacción social, así como ao encontro entre as persoas, máis sostible e cunha maior calidade de vida e de valores para os seus habitantes.

Neste sentido, nesta nova etapa foi primordial desenvolver unha estratexia para contribuir a incrementar a competitividade do sector do comercio polo miúdo galego, apoiándose nas novas tecnoloxías, ademais de incentivar o desenvolvemento dun comercio especializado, de calidade, fortalecido e moderno. Un comercio próximo á cidadanía que promova a un consumo responsable e desenvolva unha actividade sostible.

Así, despois dun gran proceso participativo de todo o sector comercial e a principios de 2025, aprobamos desde a Xunta de Galicia o Plan Estratéxico de Comercio 2025-2030, con 74 accións e un investimento de 320 millóns de euros para lograr un comercio máis competitivo, para mellorar a súa visibilización e dinamización, e para contribuir a unha cooperación interinstitucional que facilite o día a día dunha actividade tan importante como é a do comercio a pé de rúa.

Desde o goberno galego traballamos para promover un sector do comercio polo miúdo innovador, intensivo no uso das TIC e con capacidade para crear experiencias de compra memorables; fonte de emprego e riqueza, facilitador de amplos servizos en proximidade que contribúan a fixar poboación no contorno urbano e rural -sobre todo nas vilas cabeceiras de comarca-, adaptando e transformando o sector nas novas tendencias e o respecto ao medio ambiente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Neste eido é fundamental a cooperación sectorial e entre administracións, especialmente cos concellos galegos. Estamos a redefinir, a través da elaboración dun decreto de rexistro, a figura dos **centros comerciais abertos** cun enfoque de oferta integradora que contemple tanto os aspectos comerciais, de servizos e lecer, con elementos urbanísticos que axuden a construír unha cidade ou vila máis amable e con mellor calidade de vida.

Por outra banda, elaboramos un novo plan de impulso ás nosas prazas de abastos para aumentar o número de Mercados Excelentes reforzándoos como espazos comerciais de atracción ata o comercio local da súa contorna e clave no eido da alimentación, destacando polo seu produto e pola confianza que xera a súa orixe e a relación persoal das persoas comerciantes coa clientela. A través delas debemos canalizar o consumo dos produtos KM 0, produtos de alta calidade e cun alto compoñente de sostibilidade, non so pola proximidade ao lugar de produción, senón pola súa importancia á hora de fixar poboación no rural e manter as terras cultivadas e producindo. Neste senso, promoveremos a súa conversión en mercados excelentes.

Para paliar a desaparición do comercio estamos afondando no **plan de remuda xeracional** con asesoramento e apoios económicos para aqueles comercios rendibles en mans de propietarios envellecidos que van ser pechados por que carecen de dito relevo. Ademais promovemos o programa **Localízate** para achegar aos mozos ao comercio local; neste ano, 600 alumnos e alumnas participaron nunha xincana no comercio local e prazas de abastos das cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo e, no 2026, serán preto de 1.000 nas 7 cidades galegas os que poidan descubrir os valores do noso comercio polo miúdo.

Seguiremos impulsando a mellora da competitividade do comercio galego coas liñas de mellora da dixitalización, da modernización e da sostibilidade ambiental, preto de 4 millóns de euros anuais que contribúen á modernización do sector para poder enfrontarse aos grandes retos, tal e como a competencia dun comercio en liña que está a aumentar a súa facturación ano a ano.

Configuraremos, a través da posta en marcha do Observatorio de Comercio e a través da Mesa Autonómica de Comercio, un mapa do comercio galego que determine en cada comarca que tipo de comercio polo miúdo hai e que debemos facer para impulsalo e, por suposto, continuaremos con medidas que están funcionando de xeito moi satisfactorio coma o **Bono Activa Comercio**, que mobiliza compras por valor de 35 millóns de euros anuais e que achega aos máis mozos ao comercio local.

Estas son algunhas das 42 iniciativas que se están a poñer en marcha por parte do Goberno galego, concretamente a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no marco do Plan Estratéxico de Comercio 2025-2030, cun investimento previsto de 320 millóns de euros e que pretende a implicación de todos os axentes públicos e privados, así como a transformación do comercio local de Galicia facéndoo máis atractivo para todos”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:08:23
Nº Rexistro: 32033
Data envío: 22/08/2025 12:08:23.457

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:08:23

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25119**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros deputados e deputadas, sobre **"as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego, nun contexto marcado pola crise do grupo Atunlo, para garantir o emprego e a actividade no sector mar-industria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O sector mar-industria representa un pilar estratéxico para a economía galega, cun peso próximo ao 5% do PIB e unha presenza clave ao longo de todo o litoral, desde as actividades extractivas ata a transformación e comercialización. Galicia é, ademais, un referente mundial en exportación de produtos do mar, liderando con diferenza as cifras españolas e situándose entre os primeiros países exportadores a nivel internacional.

No actual contexto económico, a Xunta de Galicia mantén unha colaboración activa coas empresas do sector co obxectivo de reforzar a súa competitividade, apoiar procesos de transformación industrial e acompañar a internacionalización das compañías.

Este apoio concrétese a través de programas impulsados por diferentes organismos, entre eles o Igape, orientados á modernización produtiva, o acceso a financiamento e a consolidación de cadeas de valor estratéxicas para o país.

Non obstante, somos plenamente conscientes de que a situación do grupo Atunlo constitúe un episodio especialmente sensible. A Xunta de Galicia permanece atenta ao proceso en todo momento, aceptando a decisión das partes implicadas e traballando agora na procura de que o impacto sexa o mínimo posible.

Cómpre insistir en que a cadea mar-industria seguirá a ser unha prioridade para a Xunta de Galicia, tanto pola súa capacidade de xerar riqueza e emprego como polo seu papel vertebrador en zonas costeiras. E farémolo desde a responsabilidade institucional e a cooperación co sector, para que situacións coma a de Atunlo poidan ser reconducidas ou compensadas a través de alternativas industriais viables".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31550
Data envío: 19/08/2025 16:17:33,252

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:17:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31550
Data envío: 19/08/2025 16:17:33,252

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25198**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro sobre **"as estatísticas da sinistralidade laboral en Galicia do ano 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta cunha estratexia consensuada por todos os axentes sociais, denominada Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que se concreta, principalmente, nos plans anuais de actuación do ISSGA, que tamén contan coa participación activa e o consenso dos interlocutores sociais.

Dita estratexia, respecto aos novos escenarios derivados das transicións dixital, demográfica e ecolóxica, contempla medidas para xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e avanzar cara unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, incidindo especialmente na prevención dos riscos psicosociais e ergonómicos e abordando temáticas como a xestión da idade, o teletraballo, a desconexión dixital ou os riscos derivados dos cambios ambientais, entre outros.

En concreto, no plan de actuación do ISSGA 2025, recóllense, entre outras, as seguintes actuacións:

- Actuacións no marco do Laboratorio de riscos psicosociais, que foi creado no ano 2024 xunto coa Universidade de Santiago de Compostela como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á prevención de riscos laborais na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.
- Difusión da Guía Camiñando, desde a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo.
- Campañas sobre medidas no teletraballo, uso seguro de dispositivos móbiles, dixitalización e xestión da idade.
- Impulso de programas de promoción da saúde nas pemes mediante a Guía de claves ISSGA: Saúde integral e benestar laboral, para incidir nun traballo que tenda ao benestar físico e emocional e que sexa a base para a creación de empresas seguras e saudables.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Campaña sobre recomendacións preventivas contra a caída de altura na colocación e mantemento de paneis solares en cuberta.
- Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.

A integración da perspectiva de xénero na prevención dos riscos laborais é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da seguridade e saúde no traballo. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a seguridade e saúde laboral, debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres.

Entre as funcións do ISSGA, está a de promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións en que os danos derivados do traballo, poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras. Tamén conta cunha Comisión para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais coa participación dos interlocutores sociais.

Destacar tamén todas aquelas campañas dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral e as actuacións prioritarias de información e formación en actividades altamente feminizadas, como poden ser as redeiras e mariscadoras, ás que se lles presta axuda continua para a correcta identificación das enfermidades profesionais relacionadas coa profesión, así como as coidadoras de persoas con dependencia, con formación teórico-práctica sobre técnicas de mobilización de pacientes e sobre a prevención dos riscos biolóxicos e psicosociais, entre outros.

A estratexia mencionada con anterioridade foi o resultado do traballo conxunto das organizacións sindicais e empresarial de Galicia que, presentado como documento inicial un borrador encargado ao ISSGA, foi obxecto das achegas e as melloras que deron cun marco estratéxico consensuado por todos os actores laborais de Galicia, considerándose non só unha estratexia da Xunta de Galicia, senón un documento de todas as organizacións con representatividade das persoas traballadoras e das empresas.

O Goberno galego xa ten dita estratexia como instrumento, a medio prazo, que ordena e contempla seis obxectivos estratéxicos, seis principios informadores que desenvolve a través de liñas de acción e medidas. Esta estratexia logrou un consenso unánime e estase a traballar conxuntamente para a súa execución, principalmente, a través dos plans anuais do ISSGA que tamén se someten a consideración dos axentes sociais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto aos criterios de selección ou actividades produtivas para actuar por parte do ISSGA, destácanse os seguintes: o elevado risco, a alta sinistralidade, a importancia e tradición no noso tecido empresarial e a cantidade de xente ocupada.

Todos os sectores mencionados na iniciativa intégranse, polo tanto, no plan de actuación do ISSGA con campañas específicas. Débese lembrar que tamén hai campañas específicas por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) que, en moitos casos, se desenvolven conxuntamente co persoal técnico do ISSGA.

Algúns exemplos de campañas para este ano 2025 son os seguintes:

- Campaña para a redución dos accidentes por caída de altura en construción e industria.
- Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans por maquinaria.
- Prevencións de riscos na escada.
- Prevención de riscos laborais no transporte.
- Usos do EPI no posto de traballo no sector forestal.
- Condicións de seguridade dos equipos de traballo, utilización de medios de salvamento e de equipos de protección individual.

Ademais, tal e como apunta, cómpre destacar o afán do Goberno galego levando esta materia ao seo do DSG, sendo un dos aspectos tratados nas xuntanzas deste organismo”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:59:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31393
Data envío: 18/08/2025 18:59:16.581

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25213**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a estratexia que ten a Xunta de Galicia en materia de atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A saúde das mulleres non é algo independente e illado, senón que é algo transversal a diversas especialidades médicas. É por iso que, lonxe de crear unha unidade de muller, o máis convinte é manter as especialidades convencionais dotándoas de guías, protocolos, plans e medidas que beneficien a saúde das mulleres con atención ás características da súa saúde.

As medidas que está levando adiante a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para unha atención integral á saúde das mulleres galegas resúmense en:

- 1- Impulso de políticas sanitarias, con perspectiva de xénero e de maneira transversal, así como daquelas que aborden problemas específicos de saúde das mulleres ao longo do seu ciclo vital, dende o nacemento ata a adultez.
- 2- Desenvolvemento de accións de promoción da saúde e prevención da enfermidade.
- 3- Diagnóstico e tratamento precoz da enfermidade.
- 4- Recuperación e rehabilitación da saúde.
- 5- Coordinación entre atención primaria e hospitalaria, facilitando a continuidade asistencial mediante a elaboración de documentos que unifiquen os criterios de actuación e melloren os circuítos de derivación entre os distintos dispositivos sanitarios.
- 6- Formación e sensibilización do persoal sanitario que presta atención ás mulleres.
- 7- Información á poboación en xeral e ás mulleres, para fomentar hábitos de vida saudable, promover a súa saúde e informar das prestacións sanitarias dispoñibles".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31391
Data envío: 18/08/2025 18:58:59.389

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25217**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"o tempo de presenza do presidente do Goberno galego no Centro de Coordinación Operativa da Estrada (Cecopi) durante a caída da subministración eléctrica do pasado 28 de abril"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 25362, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 21 de maio de 2025, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes lamentou a falta dunha explicación oficial por parte do Goberno central, case un mes despois, das causas do apagamento acontecido o 28 de abril, así como de garantías de que non se repita. Fronte a este silencio, destacou o labor de coordinación desenvolvido en Galicia e do Goberno galego, desde a activación do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) só 30 minutos despois do apagamento ata o deseño dunha trintena de medidas para asegurar o mantemento dos servizos básicos se volvease haber unha situación deste tipo.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM0ODZiNTEtNTE3MS00MTk0LTkxNjAtY2IzYjQ5MjM0NTlh&start=10623>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM0ODZiNTEtNTE3MS00MTk0LTkxNjAtY2IzYjQ5MjM0NTlh&start=10988>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:27:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:27:52
Nº Rexistro: 31783
Data envío: 20/08/2025 12:27:52.800

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25357**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Ramón Fernández Alfonso e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a situación das empresas auxiliares afectadas por impagos derivados da crise no sector naval da ría de Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego é plenamente consciente da importancia estratéxica que ten o sector naval para a economía de Galicia, así como da realidade que atravesan determinadas empresas auxiliares, especialmente nas comarcas do sur da Comunidade.

Trátase dunha industria con gran capacidade de xeración de valor, que representa arredor do 3,5% do PIB industrial galego, dá emprego a milleiros de persoas e actúa como motor económico nos principais portos da Comunidade. Segundo os datos de 2024, Galicia concentra o 41% da actividade ponderada do naval estatal, lidera as botaduras, acumula o 40% da carteira nacional de pedidos e mantén a súa posición destacada en novos contratos.

No marco deste compromiso co sector, o Plan Director da Construción Naval 2025-2027, aprobado no mes de marzo, cun orzamento de máis de 62 millóns de euros, inclúe 62 medidas destinadas a impulsar a dinamización industrial, a formación, a innovación e a mellora das infraestruturas e do solo industrial.

A Xunta de Galicia mantén como prioridade apoiar tanto ás empresas estaleiras como á súa industria auxiliar. En particular, para atender as necesidades máis inmediatas das empresas auxiliares, especialmente aquelas afectadas por situacións de impago ou atrasos nos cobros, o Igape activou unha liña de préstamos específicos para a industria auxiliar da construción naval. Trátase dunha ferramenta creada no ano 2019 e renovada anualmente, que permite financiar pagamentos operativos e garantir liquidez, ofrecendo un colchón financeiro ante episodios de inestabilidade.

A convocatoria correspondente ao ano 2025 foi publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado 13 de xaneiro e permanecerá aberta ata o 1 de decembro. Esta liña está deseñada para facilitar o acceso a financiamento a longo prazo, proporcionando fondo de manobra suficiente ás empresas afectadas.

O Goberno galego continuará a traballar con responsabilidade e dentro das súas competencias para acompañar ás empresas do sector naval e contribuír á súa estabilidade, especialmente naqueles casos onde a viabilidade da actividade empresarial poida verse comprometida por factores alleos á súa xestión directa".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:17:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31547
Data envío: 19/08/2025 16:17:13.522

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25429**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"as incidencias que se están a producir no servizo de transporte escolar compartido"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral número 25428, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de xuño de 2025, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora xeral de Mobilidade indicou que o transporte escolar compartido é unha fortaleza da mobilidade galega pola súa eficacia e eficiencia, e salientou que espertou o interese doutras comunidades autónomas para aplicalo nos seus territorios.

A resposta completa da directora xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODRIYTMxNWUtMDE0ZS00ZTAwLTgzYjctYzZwZmQ2MzlwNGFh&start=4542>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODRIYTMxNWUtMDE0ZS00ZTAwLTgzYjctYzZwZmQ2MzlwNGFh&start=5639>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31384
Data envío: 18/08/2025 18:58:03,541

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 24901**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre **"a resposta do sistema de emerxencias de Galicia ante a situación provocada pola caída xeral do sistema eléctrico en España acontecida o pasado 28 de abril"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego amosase satisfeito do resultado da activación do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) só 30 minutos despois do apagamento e do deseño posterior dunha trintena de medidas para asegurar o mantemento dos servizos básicos se volvese repetirse unha situación deste tipo.

Esta batería de medidas permitirá dispoñer de protocolos específicos para este tipo de alertas nos ámbitos escolar e asistencial, mellorar a autonomía enerxética e potenciar a interconexión dos diferentes servizos de seguridade e emerxencia, ademais de reforzar o uso de comunicacións vía satélite. Nesta liña, entre outras cuestións, incídese na demanda ao Goberno central para a recuperación da presenza estable da Unidade Militar de Emerxencias en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31408
Data envío: 18/08/2025 19:05:44.067

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:05:43

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25544**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego respecto da pertinencia dun novo plan de saúde mental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta ten entre as súas prioridades a mellora da atención á saúde mental para ofrecer a máxima calidade asistencial aos pacientes.

Consciente do incremento dos problemas de saúde mental desde a pandemia, a Xunta desenvolveu un Plan de Saúde Mental 2020-2024 dotado con 83M€ e que inclúe as propostas dos profesionais, asociacións e federacións de pacientes. O Plan permitiu:

- A creación dunha unidade de hospitalización de agudos infanto-xuvenil en Vigo, que complementa á de Santiago e aos hospitais de día de saúde mental infanto-xuvenil das 7 áreas.
- A creación de 244 prazas de especialistas en saúde mental.
- A mellora das ratios de psicólogos clínicos que pasou de 3,4 a 5,2 por cada 100.000 habitantes e a de psiquiatras chegou a 8,6.

A Consellería de Sanidade xa traballa nun novo Plan de saúde mental que continúe impulsando e mellorando este modelo de atención e que permitirá, entre outras medidas, que os centros de saúde contén con persoal de psicoloxía clínica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:35:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31382
Data envío: 18/08/2025 15:35:20.927

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25548**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Iria Carreira Pazos sobre **"as accións previstas polo Goberno galego para que o regulamento de desenvolvemento da Lei de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto responda ás expectativas das persoas afectadas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), ten competencia na tramitación para a aprobación dos plans de traballo para asegurar que os traballos con amianto se leven a cabo de maneira que non se poña en risco ao persoal traballador nin a outras persoas, ademais de protexer o medio ambiente.

Na tramitación do procedemento de aprobación dos plans, tanto o Issga como a Inspección de Traballo e Seguridade Social, emiten un informe técnico. Para poder realizar os traballos con amianto, as empresas teñen que estar inscritas no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto (RERA), que tamén é xestionado polo Issga.

Todo isto faise de xeito coordinado e harmonizado nas catro provincias e tendo en conta o Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Os datos da tramitación referentes ao pasado ano 2024 son os seguintes:

- Número de plans de traballo presentados: 710.
- Número de plans de traballo aprobados: 696 -acadan o valor máis elevado desde que se xestiona o rexistro e superando en 98 aos do ano anterior-.
- Número de traballos executados ao abeiro de plans aprobados: 2.617.
- Número de empresas que realizaron traballos: 142 (135 delas son empresas galegas).
- Altas no RERA: 23. Nos últimos cinco anos, mantense constante o número de empresas que solicitan a alta no RERA, por debaixo dos incrementos na inscrición observados entre os anos 2010 a 2017, o cal nos leva a afirmar que os traballos con risco por amianto, esencialmente traballos de retirada de materiais de fibrocemento, son desenvolvidos por un grupo de empresas que se van consolidando nesta actividade -maioritariamente empresas galegas-.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





- Tendo en conta o tipo de actividade nos traballos desenvolvidos, a actividade maioritaria, nun 93% dos casos, é a retirada de materiais con amianto - fundamentalmente materiais de fibrocemento como cubertas, canalizacións e placas de fachada-, seguida do transporte, tratamento e destrución de residuos, que representa un 3,85%. Estes datos son coherentes coa progresiva chegada dos materiais con amianto ao fin da súa vida útil, e a súa necesidade de xestionar un vertedoiro autorizado para estes materiais considerados como residuos perigosos.

O persoal técnico do Issga tamén realiza comprobacións in situ do cumprimento das medidas preventivas contempladas no plan de traballo aprobado, coa intervención do persoal técnico habilitado cando sexa necesario.

Respecto a outras actuacións de asesoramento técnico e divulgación, destacan as seguintes:

- Campaña de sensibilización e accións formativas dirixidas ao persoal traballador que pode atopar amianto de xeito inesperado -persoal de mantemento, da construción ou fontaneiros, entre outros-, a través da publicación Alerta Issga, pode haber amianto.

- Accións de información e asesoramento dirixidas a comunidades de veciños e persoas interesadas en xeral, en especial no tocante a responsabilidades sobre a xestión dos materiais con amianto, prácticas desaconselladas como a dobraxe de cubertas, a necesidade de xestionar e retirar debidamente todo o amianto instalado e os requisitos para a retirada segura.

- No plan de actuación do Instituto para este ano 2025, recóllense dúas campañas de sensibilización, que están en proceso de elaboración, unha delas sobre a identificación e xestión dos materiais con amianto instalados e outra para alertar sobre as obrigas na retirada de amianto nos edificios. Ademais, está prevista no segundo trimestre do ano, a realización dunha xornada técnica para dar orientacións de cara a xestión segura dos materiais con amianto e metodoloxías de localización, identificación e valoración do risco potencial.

Estas metodoloxías son fundamentais para establecer, con criterio técnico, un calendario que planifique a retirada dos materiais con amianto en función do seu deterioro e o risco que puideran supoñer para os ocupantes dos edificios.

O Issga conta cunha ampla experiencia en materia de amianto e participa activamente en diversos grupos de traballo a nivel autonómico e nacional que pretenden dar respostas técnicas a problemáticas de riscos concretas, propiciar as necesarias reformas técnicas e/ou normativas e, en xeral, transmitir e compartir coñecemento técnico.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A continuación, indícase unha relación destes grupos:

- Grupo sobre amianto do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral (CGSSL).
- Grupo sobre amianto da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST) e o subgrupo para a modificación do Real Decreto 396/2006 co motivo da publicación da nova Directiva de amianto que rematou na elaboración dun informe que servirá de base para facer a transposición normativa.
- Grupo sobre amianto da Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST) no que se traballa en dúas liñas de traballo, unha para elaborar unha guía para o seguimento e control da execución de plans de traballo e outra relativa á formación do persoal traballador en materia de amianto.

A maiores, o pasado 12 de xuño foi respostada, na Comisión 3.^a Economía, Facenda e Orzamentos, unha pregunta sobre o mesmo asunto (remitimos ligazón da sesión por se fose de interese):

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTNmODdkMzUtNjA4OS00ZmZhLWExYTMtY2RmNTk1ZGIxY2U0> ."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:35:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31379
Data envío: 18/08/2025 15:35:03,318

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 25576**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Silvia Longueira Castro e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante as recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de auditoría do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O informe do Consello de Contas sobre o Plan de Saúde Mental 2020-2024 da Xunta destaca o rigor orzamentario na execución desa planificación.

O informe unicamente analiza os anos 2021 a 2023, deixando fóra da avaliación os anos 2020 e 2024, durante os que tamén se estendía o plan.

Ademais, o informe só analiza a execución dos capítulos orzamentarios II, IV e VI, que se corresponden con gastos correntes, transferencias correntes e investimentos, deixando fóra o capítulo de persoal.

Pese a que o informe só se refire a uns anos concretos de execución do Plan e a que non recolle todos os capítulos, o propio informe destaca o rigor orzamentario na execución do plan e sinala que unicamente houbo unha variación do 0,7 % con respecto ao investimento orzamentado.

O Plan de Saúde Mental estaba dotado cun investimento de 83 M€, incluíndo tamén o gasto de persoal, algo que non se ten en conta no informe do Consello de Contas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:34:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31378
Data envío: 18/08/2025 15:34:56.428

CSV: BOPGDSPG-VREqTEqIV-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

